

## Queixas polo recorte de profesores e ratios de alumnos no inicio do curso escolar

Houbo que esperar ata final de agosto para que a Xunta fixese públicas as normativas que se ían seguir este curso, o segundo trala covid. Unha vez consultadas por centros e sindicatos, non hai moita conformidade coas mesmas xa que os sindicatos aseguran que se volve facer un aumento de ratio de alumnos por profesor o que provoca un descenso de docentes. Os rapaces volven ás aulas seguindo un protocolo con poucos cambios respecto ao ano pasado, co uso obrigado de máscara e de mantemento de distancia. Volven tamén as clases burbulla e os horarios graduados. **Pax. 8-9**

## Un Xacobeo que non enche

Malia a afluencia de peregrinos no Camiño de Santiago, as restricións da covid impiden a responsables de albergues rendabilizar o Ano Santo



A covid non rematou coa tradicional peregrinaxe no Camiño de Santiago, pero iso si, castigou moitas das economías que dependen deste turismo. Os albergues que foron abrindo ao longo dos últimos anos pola comarca viron este ano como malia estar co aforo completo as ganancias non son suficientes para soste os seus negocios, xa que as restricións sanitarias impiden subir do 30% da ocupación do local, o que consideran "insuficiente". A situación mellora e o feito de ter ano Xacobeo dobre anima a moitos a esperar un cambio de tendencia. **Pax. 2-3**

**sarria.** Licitada a obra da nova estación de autobuses da vila. **Pax. 6**

**triacastela.** O Concello publica as bases das axudas a autónomos. **Pax. 14**

**O incio.** Entrevista ao artista local Javier Vizcaíno. **Pax. 16**

**samos.** Correos instala un caixeiro automático tralo peche da oficina. **Pax. 17**

**láncara.** Rematan as obras da ponte Valdriz. **Pax. 18**

**páramo.** Licitadas obras de mellora en varios puntos do rural. **Pax. 18**


**paradela.** Nova edición do certame literario Manuel Orestes-Rodríguez. **Pax. 19**

## Festival Todos os Camiños en Sarria



Haberá un concerto o 25 de setembro. **Pax. 4**

## Valoración do Festival de Maxia



Roberto Lolo fai un balance da XVI edición. **Pax. 7**

## Reportaxe sobre a Cova de Eirós



Continúan as escavacións neste xacemento. **Pax. 15**

## A Deputación ten executado o 75% do plan Ilumin@

A Deputación rematou a execución de case o 75% do Plan Ilumin@, un programa dotado con 723.000€ co que a institución axuda aos concellos da provincia a aforrar custes enerxéticos. Do total do in-

vestimento, o 80% son fondos europeos que a Deputación conseguiu a través do IDAE (Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía), dependente do Ministerio de Transición Ecolóxica. **Pax. 11**

**GASOLEOS RUXIDOIRA S.L.**  
Distribución a Domicilio: Automoción, Agrícola y Calefacción

**SERVIMOS EN 24/48 HORAS**  
Tfno. para pedidos 982 541 308  
Móvil: 679 489 663  
info@ruxidoira.es  
Ctra. Pacios a Treboelle s/n  
Paradela

## A FONDO

# Un Camiño con esencia diferente

**Este ano creceu en gran medida a cantidade de peregrinos que realizaron a ruta Xacobeá, sen embargo, os albergues non puideron aproveitalo por completo a causa das diferentes medidas sanitarias que se adoptaron por mor da covid-19**

A vila de Sarria é un dos puntos de inicio máis típicos e recoñecidos no Camiño de Santiago, por ser un enclave estratéxico no mesmo. Así pois, atópase a pouco máis de cen quilómetros de Santiago de Compostela, é dicir, á distancia mínima que debemos facer para poder conseguir a Compostelana.

Esta é unha vantaxe para moitas persoas xa que se considera unha distancia asumible para familias con fillos ou fillas ou para persoas que, sinxelamente, prefiran facer unha distancia máis ou menos curta.

Por esta razón e, segundo a Asociación de amigos do Camiño de Santiago na Comarca de Sarria, este ano a zona encheuse de peregrinos a semana antes do 25 de xullo e as dúas primeiras semanas de agosto, creando un ambiente totalmente distinto ao que se leva vivido na comarca de Sarria dende que chegou a pandemia.

Neste 2021, a situación mellorou considerablemente en canto a peregrinos, sen embargo, as restricións sanitarias foron duras e difíciles para os albergues e os negocios de turismo en xeral. Evidentemente, en relación ao ano pasado houbo un cambio enorme, xa que, como din dende a Asociación do Camiño de Santiago, as restricións do pasado curso eran moitas e, sobre todo, afectaban a peches perimetrais e horarios, o que fixo que non se vira case ningún peregrino, polo que se levaba ano e medio sen movementos.

Desta maneira, dende a Asociación sinalan o feito de que houbera un 100% de ocupación nos albergues, un dato non demasiado significativo se se puntualiza que, ata mediados de agosto, o nivel de ocupación máximo era dun 30%. Este

dato cambiou e actualmente é dun 50%.

De feito, hai que mencionar que incluso houbo peregrinos que durmiron na rúa a causa destas restricións e da cantidade de persoas que había: “un albergue normal adoita ter sobre 30 camas, se tan só podes empregar o 30% de esa cifra, o número de camas redúcese a 6,7,8...”. Unha vez chegado a mediados de agosto, xa se ampliou ao 50% de ocupación e, aínda así, os albergues continuaban cheos “aínda que polo menos aliviou un pouco”.

Dende a Asociación consideran a cifra do 30%, unha cifra excesiva “porque, por exemplo, o ano pasado, sen vacinarse e sen o coñecemento que existe agora, había un límite do 70% de ocupación e este ano con vacinas e con máis medidas, tan só ao 30% na maior parte do verán”. Desta maneira, sinalan que moitos peregrinos non contaban con isto e, a pesar de que había camas libres, non se podían dar polo que a única opción que quedaba era durmir na rúa.

Así mesmo, dende a Asociación do Camiño de Santiago en Sarria mencionaron que todas as medidas que se tomaron, foron as que se mandaron dende sanidade e que non se fixo nada novo, “aquí todo o mundo cumpriu o que mandou sanidade: as distancias, as restricións do 30%...”. De feito, era unha cuestión que daba medo “porque podía haber unha multa ou unha sanción. Se non fixeche cartos durante un ano e pico e agora aínda encima tes que pagar unha multa...”.

Sen embargo e, a pesar de que o nivel de ocupación foi moi alto, ó existir tan só un 30% de ocupación, un albergue nesas condicións “dá



Imaxes do Camiño ao seu paso pola comarca

perdidas”. Polo seu lado, os albergues mixtos -que teñen tamén pensión- foron salvando algo máis, algo que non podían dicir outro tipo de albergues.

En canto á orixe dos peregrinos, a excepción destas datas de setembro nos que veu algunha persoa do estranxeiro, atopábase no resto de España e na comunidade galega. Ademais, dende a Asociación consideran que a xente que fai o Camiño está moi concienciada, polo que se respectan na maioría das veces

as normas.

Pola súa beira, a pandemia foi un aspecto que cambiou a vida de todas as persoas por completo. Houbo que interiorizar e adaptarse a diferentes cambios para poder levar unha vida segura. No Camiño de Santiago foi algo que tamén ocorreu e, o único que non cambia ao final é o propio camiño e o feito de andar. Sen embargo, o ambiente, as restricións e as diferentes medidas fixeron que xa non sexa igual ca antes aínda que, a medida

que pasan os días, a volta a normalidade vese algo máis preto.

Outro aspecto a destacar é que a causa desta situación, a dixitalización creceu en gran medida. A busca de maiores garantías para os peregrinos e para a xente da zona neste contexto sanitario fixo que se puxeran en marcha diferentes programas dixitais. Un deles foi unha plataforma online para reservar praza nos albergues

**“Malia que o nivel de ocupación foi moi alto, ao permitir tan só o uso dun 30% das prazas, un albergue nesas condicións dá perdas”**

públicos do Camiño, algo necesario nestes momentos a causa da posibilidade de quedar sen lugar para durmir.

Grazas a esta plataforma, os usuarios poden buscar todos os establecementos da rede pública e efectuar a súa reserva. Ademais, tamén se poden localizar os albergues máis próximos dependendo da ruta na que estean situados. Este sistema facilita as reservas dende o día anterior ata as 13 horas do día da pernoctación, algo que asegurará a disposición de praza. Así mesmo, isto non implica que non se poida obter praza ao chegar ao establecemento sempre que exista capacidade para iso. O máximo de persoas coas que se pode realizar a reserva é de cinco e non é preciso rexistrarse, aínda que esta posibilidade está aberta.

**Esther**  
Café - Restaurante

Platos combinados  
Menú del día  
Bocadillos  
Raciones

COCINA ABIERTA TODO EL DÍA  
We serve all day long

COMIDAS POR ENCARGO

Ternera Cachena

Avenida Nueva Castilla 27632 Triacastela - Lugo  
Tfnos.: 982 548 455 / 692 150 256 - info@restauranteesther.com

**SARRIAXA**

Para calquera suxestión,  
información ou comentario non  
dubide en poñerse en contacto con nós.

Teléfono 661 464 323    redaccion@sarriaxa.com

# Medidas covid nos albergues da rede pública

Os albergues da rede pública contan con materiais de protección como xeles desinfectantes, así como papeleiras de pedal e guantes, entre outras. Así pois, deben ter carteis informativos coas principais normas e recomendacións contra a covid19.

Por outra parte, a máscara continúa a ser obrigatoria en espazos pechados de uso público ou que se atopan abertos ao público e se poida coincidir con outras persoas. Sen embargo, no propio Camiño poderase quitar sempre e cando exista distancia de seguridade suficiente.

Así mesmo, unha das cuestións máis importantes para os albergues é a limitación de aforo que, ata o pasado 21 de agosto se mantivo ata o 30% de capacidade, e que agora se atopa no 50%, uníndose desta maneira as medidas sanitarias xa implantadas. Por outra beira, os albergues contan cun protocolo de actuación ante a covid19 para unha maior seguridade no caso de que exista algún caso. Dende a Xunta, pola súa parte, consideran que estas medidas



Arriba, o comedor dun albergue e, abaixo, un dormitorio e peregrinos facendo a ruta

son necesarias, así como eficaces, xa que, a pesar da alta afluencia coa que conta o Camiño de Santiago e todo o relacionado a iso, os casos foron puntais e actuouse con brevidade.

Admais, instaláronse dous alber-

gues -un no municipio de Samos e outro á entrada de Santiago- para atender a todos aqueles peregrinos e peregrinas que dean positivo nun brote de covid. Pola súa parte, houbo Concellos que habilitaron instalacións situadas na vila

para controlar este tipo de casos no caso de que se produzan. Un exemplo é o Concello de Palas de Rei, quen xa planificara e pensara diferentes espazos por se se daba a situación, sendo un deles o pavillón municipal.

Outro Concello no que se habilitou un espazo para casos de emerxencia foi Portomarín. Neste Concello, o espazo que se pode empregar é a escola antiga, que está situada no centro da vila e que xa serviu para illar varios casos positivos que se deron. Este local de emerxencias habilitado foi unha antiga escola que xa se preparara fai anos por si existía overbooking de peregrinos na vila. Sen embargo, coa chegada da pandemia tan só se emprega para casos de emerxencia.

Por outra beira, en caso de que exista sintomatoloxía da covid19, os peregrinos deben chamar a un número de teléfono habilitado polo Sergas -881 002 021- para persoas que acudan a Galicia dende outros lugares para que se indiquen as instrucións necesarias de maneira telefónica.

No caso de dar positivo, dende o Sergas informarían que facer e, no caso de que a persoa tivera que aumentar a súa estancia na comunidade, ten a súa disposición un seguro para cubrir os diferentes gastos.



¿Te gusta conducir?

**ADRENAEINA PARA LLEVAR**

DESCUBRE LOS NUEVOS BMW M3 XDRIVE Y BMW M4 XDRIVE

Acelerar de 0 a 100 km/h en tan solo 3,5 segundos, es pura adrenalina. La **gama BMW M** te hará sentir pasión por la deportividad. Llegó la hora de llevar la competición a tu día a día con toda la tecnología que te ofrece. Un diseño refinado y el carácter más elegante convierte a la **gama BMW M** en el compañero adecuado para vivir la emoción de la carretera.

#### Lugauto

Ctra. Nueva de Santiago, km 2,1  
Louzáneta, s/n  
Tel.: 982 24 40 61  
Lugo

[www.lugauto.concesionariobmw.es](http://www.lugauto.concesionariobmw.es)

BMW M3 Competition xDrive: WLTP: Consumo promedio: desde 10 hasta 10,2 l/100 km. Emisiones de CO<sub>2</sub>: desde 228 hasta 234 g/km.  
BMW M4 Competition Coupé xDrive: WLTP: Consumo promedio: desde 9,9 hasta 10,2 l/100 km. Emisiones de CO<sub>2</sub>: desde 227 hasta 233 g/km.

## O roteiro da Foz das Aceas permanecerá cortado por obras



O Concello de Sarria informa que a partir do día de hoxe, xoves 26 de agosto, comezan as obras de reparación e mantemento do roteiro da Foz das Aceas.

Trátase dunha ruta de sendeirismo, de máis de 6 kilómetros, que discorre á beira do río Sarria e que está próximo á vila. Neste roteiro pódese gozar de diferentes muíños, así coma da flora da zona.

Desta maneira e ata novo aviso, o carreiro permanecerá cortado na súa marxe esquerda.

## Aberto o prazo de preinscrición para a sección sarriá da EOI



Xa está aberto o prazo de preinscrición e de matrícula na sección de Sarria da Escola Oficial de Idiomas para este curso 2021-2022. Desta maneira, o prazo de preinscrición será do 1 ao 14 de setembro, mentres que a matrícula será do 18 ao 30 de setembro.

Os horarios e os días dependen do nivel no que se matricule cada persoa e poden existir accesos directos; os que contén con bacharelato poderán acceder a un B1 e os que contén coa ESO poderán acceder a un A2. Os cursos serán presenciais e están dirixidos a persoas que teñan máis de 16 anos e que precisen empregar o inglés no entorno laboral ou persoal.

Por outra beira, hoxe é o último día para inscribirse na proba de clasificación que se realizará o 9 de setembro ás 16 horas na EOI de Lugo.

Para máis información pódese contactar no enderezo electrónico extension.sarria@gmail.com, no facebook ou no número de teléfono 982 870 790.

## A localidade participa na IV edición do programa Vilas en Flor



Sarria participa un ano máis no programa Vilas en Flor, unha iniciativa organizada pola fundación Juana Vega que procura a mellora ambiental, social e económica dos concellos galegos de menos de 45.000 habitantes. Este ano chega a súa cuarta edición con cinco novos concellos participantes confirmados, aínda que a organización continúa o traballo de captación de novos candidatos. A fundación Juana Vega é a encargada de levar a cabo un programa encamiñado á posta en valor da riqueza natural e paisaxística dos municipios galegos,

na liña da mellora ambiental e da man dun deseño e xestión sustentable dos espazos verdes que contribúa á mellora da calidade de vida dos seus habitantes e favoreza a imaxe dos municipios de cara aos visitantes e turistas. Así mesmo, este ano o xurado realizará visitas no último trimestre do ano, a todos os concellos participantes e decidirá que concellos son merecedores dalguna distinción, podendo acadar cada un deles un máximo de cinco flores.



O lugar onde se ubicará o parque infantil

## Vaise reubicar o parque infantil de Oural

O pleno de Sarria, celebrado de maneira telemática, aprobou dúas mocións presentadas polo Partido Popular da vila. Na primeira, aprobouse por maioría absoluta a instancia de reubicar o parque infantil de Oural de forma axeitada e consensuada cos veciños e veciñas da zona.

Desta maneira, con isto preténdese que se recupere a integridade orixinal da pista do campo das festas de Oural, perxudicado "coa abusiva actuación do goberno municipal".

Así mesmo, no pleno, realizado o pasado 26 de agosto, tamén se aprobou por unanimidade a instancia do Partido Popular de Sarria de levar a cabo un proxecto para ampliar o abastecemento de auga pública municipal a Castelo dos Infantes. Esta cuestión, según o PP, é unha reclamación dende fai tempo xa, dos veciños e veciñas que están captando a auga dende o río.

De feito, esta actuación financiarase co cargo ao Plan Único da Deputación do 2022.

## O festival itinerante Todos os camiños estará na vila o 25 de setembro



Os artistas que actuarán en Sarria

O festival itinerante Todos os camiños promove o turismo e a promoción do Camiño de Santiago como destino cultural por medio de concertos de distintos artistas galegos comezou en Lugo o domingo 29 de agosto.

Este evento será na praza da Vila de Sarria o 25 de setembro ás

19.00 horas e poderase desfrutar do concerto de Iria Estévez, Artur Caldeira e Daniel Paredes. Estévez é unha das máximas expoñentes no Fado, invitada habitual en Braga, Oporto e Lisboa dentro das xornadas de intercambio galaicoportuguesas, Festival Convergencias e outros.

## Comezan as obras de mellora da estrada entre Sarria e Becerreá

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade vén de iniciar as obras de mellora do firme da LU-636, de Sarria a Becerreá, nun treito de nove quilómetros preto do casco urbano deste municipio da montaña lucense, nos que inviste 711.415 euros. Esta actuación forma parte dun contrato maior cun orzamento de case 1,7 millóns de euros, que afecta ás obras de reforzo do firme en tres estradas: na LU-546, Nadela-Sarria-Monforte; na LU-741, entre o núcleo urbano de A Pontenova e Aldeguer; e a estrada LU-636, entre Sarria e Becerreá.

Estes nove quilómetros posúen treitos cun pavimento deteriorado que fan necesaria a actuación de conservación programada e o reforzo do firme. Así, nuns catro quilómetros do casco urbano de Becerreá realizarase un reforzo do firme mediante o estendido dunha capa de cinco centímetros de mestura bituminosa en quente, previo estendido doutra de regularización, naqueles treitos onde sexa preciso.

Noutros cinco quilómetros, levaranse a cabo tarefas de mantemento do firme existente mediante, primeiro, a reparación de baches, perfilado de mordentes e tratamento asfáltico para, despois, aplicar rego asfáltico e engravillado, con selado de toda a vía.

Os traballos xa están en execución e se estima que o estendido da mestura bituminosa en quente se realizará neste mes de agosto. A continuación, se acometerán as obras de pavimentación con tratamentos de regas bituminosas con engravillado durante a primeira quincena de setembro.

As actuacións nestes nove quilómetros da LU-636 rematarán coa limpeza das marxes da estrada, a reposición e o pintado das marcas viarias e o reforzo da sinalización e das defensas. Tanto estas actuacións como as obras de mellora do firme contribuirán a incrementar a adherencia, reforzar a seguridade e ofrecer maior comodidade na condución aos usuarios.

# “Temos unha ampla exposición e demanda de mobles a medida”

David Rodríguez López atópase á fronte da empresa familiar Muebles Celeiro

## Cando comezou a actividade de Muebles Celeiro?

A actividade de Muebles Celeiro comenza no ano 1991, Fundado por José Luis Rodríguez Celeiro e María Amparo López Pérez, é un negocio familiar que perdura no tempo.

## Onde se atopan e canto tempo levan?

Estamos en Vilapedre, na estrada vella de Sarria a Lugo, levamos 27 anos dedicados á venda de mobles. No momento de empezar a actividade a exposición era tan só unha parte do total actual, foise ampliando conforme medraba a empresa, para ter máis exposición, na actualidade suma case que 2.000 metros cadrados.

## Que se pode atopar en Muebles Celeiro?

Temos unha ampla exposición cun pouco de mobiliario para case todas as zonas da casa. Temos dormitorios, salóns, entradas, comedores, mesas e sillas de coziña, sofás, colchóns, almofadas, somieres, camas e complementos de xeriatria, lámparas, cuadros, alfombras, decoración, percheros... etc.

Temos moitas cousas e moi variado pois traballamos con moitos provedores diferentes.

## Cales son os puntos fortes da empresa?

Por un lado temos unha ampla exposición onde se poden ver moitos mobles, pero a maiores de todo o material da exposición ao traballar coas fabricas líderes

do sector temos un gran abano de posibilidades a elexir, facemos o deseño personalizado de cada caso concreto e recomendamos o produto que mellor se adapte ás necesidades específicas de cada cliente.

Por outro lado temos un equipo de montadores propios que fan que ao cliente lle quede o moble perfectamente instalado, e solucionan calquera problema que poidese xurdir.

## Como cambiaron as demandas dos clientes en 30 anos? É dicir, houbo unha evolución nas necesidades dos clientes?

Cada vez temos máis demanda de moble a medida e sobre todo artigos moi personalizados. Cada vez traballamos menos con mobles estándar, a xente quere adaptar o tamaño aos espazos reais, ou cambiar un tirador por outro que lle guste máis, etc. Ao longo do tempo fómonos especializando na venda a medida. Podemos facer non só sofás a medida, senón mesas, armarios, incluso armarios empotrados.

## Como ven ao cliente, trae a idea clara ou déixase asesorar?

Temos de todo, hai xente que ten claro o quere e outra que vén a descubrir o que temos. O que nos funciona realmente ben é o deseño do espazo en 3 dimensións, con ese debuxo moita xente que xa tiña unha idea prefixada pois igual ve que non era o máis recomendado, ou prefire cambiar a distribución, para nós e para o cliente é un momento esencial, é cando podemos ase-

soralo e poñer en práctica a nosa experiencia. Nós coma sempre intentamos mostrar todas as posibilidades. Tamén cada vez máis intentamos xogar con mobles especiais coma por exemplo unha cama que se esconde porque non temos moito espazo nesa habitación, etc. Recomendamos que pregunten sen medo, hoxe contamos con moitas solucións para cada espazo.

## Cales son os mobles máis demandados?

A raíz da covid a xente púxose a reformar as casas, o tema de descanso foi moi solicitado, tanto novos colchóns coma butacas e sofás foron o que máis aumentou. Tamén temos que dicir, que o noso mercado aínda estaba nunha situación diferente, o sector do moble aínda arrastraba a crise anterior que tamén foi posterior a da construción, en torno o 2012/2013. Isto contribuíu, xunto a que a xente pasou máis horas na casa, a que moitos mobles xa lles tocaba o recambio. Tamén se notou que a xente fixo reformas neses espazos interiores, e despois desas reformas ou obras vén o novo mobiliario.

## Tamén venden a profesionais?

Si por suposto, para nós o sector da oficina e o da hostalaría son moi importantes. A comarca de Sarria ten moitos locais de hostalaría e de aloxamento. Ao igual que a covid impulsou as vendas a particulares, as limitacións de ocupación fixeron que estes profesionais non puideran facer as inversións previstas pese ao Ano



David Rodríguez está á fronte de Muebles Celeiro

Xacobeo, esperamos que coa mellora da mobilidade, de cara a un futuro próximo si que se recupere a inversión neste mobiliario profesional. Si que nos demandaron moitas mesas de despacho e oficina para a casa, é dicir, utilizar un espazo indistintamente como oficina e, que despois ese mobiliario poda ter outros usos, estas contan con un deseño máis caseiro, non tan serio para integralo co resto do deseño do fogar.

## Como afectou a covid ao sector? Notan moitos cambios?

Eu creo que afectou un pouco como afecta a toda a sociedade, dificultades para moverse, para poder traballar con normalidade, para poder recibir clientes. Houbo retrasos largos na recepción de algunhas mercancias, pero agora mesmo o preocupante da situación e a forte inflación que estamos experimentando, subida enorme do ferro, das espumacións, da madeira, ata a tornillería e as ferraxes sufriron un gran aumento de prezos, por non falar

de combustible e electricidade.

## De onde proceden os seus clientes fundamentalmente?

Os nosos clientes abranguen toda a área galega ata Ponferrada e Asturias, pero tamen temos clientes en Madrid, Barcelona, Alicante e unha vez fomos ata Andorra. Inda que a maioría dos nosos clientes están en Lugo, Narón, Ferrol, A Coruña, Monforte de Lemos, Ourense, Sarria, Ponferrada por esa orde máis ou menos.

## Teñen servizo de transporte e montaxe? En que zonas cubren este servizo?

Temos servizo de transporte propio, o servizo é gratuíto para toda a zona de Galicia e un pouco máis, xa que tamén damos ese servizo ata Ponferrada e Asturias.

## Cales son os plans de futuro de Muebles Celeiro?

Os nosos plans de futuro son axudar a converter o rural nun lugar máis habitable, coa mellor comodidade, e para iso o mellor é comprar en Muebles Celeiro.

**AXUDAS PARA MICROEMPRESAS E AUTÓNOMOS DE TRIACASTELA**

O CONCELLO DE TRIACASTELA IMPULSANDO A ACTIVIDADE ECONÓMICA

O modelo de solicitude normalizado para a obtención das axudas reguladas na presente convocatoria está dispoñible na sede electrónica do concello de Triacastela <https://triacastela.sedelectronica.es> e nas oficinas municipais

Concello de Triacastela

# Licitada a explotación da estación de autobuses sarriá

Licitouse a concesión de servizos para a xestión da explotación da estación de autobuses Sarria, conxuntamente coas de Monforte de Lemos e do Barco de Valdeorras, por un valor estimado de máis de 811.000 euros (sen IVE).

A Plataforma Contratos Públicos de Galicia vén de publicar a licitación deste contrato, ao que as empresas poderán presentar as súas ofertas ata o vindeiro 8 de setembro.

Unha vez finalizados os contratos de concesión de servizos para a xestión da explotación do servizo público destas tres estacións de autobuses, cómpre licitar un novo contrato de explotación, que terá un prazo de 5 anos.

Estas estacións de autobuses contan con plataformas cubertas para a subida e baixada dos usuarios e zona de espera independente.

O concesionario do servizo de explotación prestará ou facilitará os servizos preparatorios e complementarios do transporte a usuarios e transportistas e proporcionará os servizos de facturación, consigna, venda de billetes e información ao viaxeiro.

O adjudicatario do contrato tamén deberá cumprir coas tarefas de conservación e mantemento das instalacións.



Estación de autobuses de Sarria

Cómpre lembrar que, previamente á licitación dos novos contratos de xestión da explotación destas estacións, realizáronse actuacións de mellora en varias destas terminais.

As actuacións realizadas foron executadas durante os anos 2019 e 2021 no marco das obras de renovación e mellora de cinco estacións de autobuses da provincia de Lugo, nas que se incluíron, as terminais de Monforte de Lemos e de Sarria. O investimento conxunto nestas cinco intervencións acadou os 732.000 euros.

As obras tiñan por obxectivo proporcionarlles aos usuarios do transporte público en autobús unhas instalacións máis cómodas e

eficientes e con máis información sobre horarios, servizos e liñas dispoñibles.

As intervencións incluíron reparacións puntuais e melloras nas cubertas das terminais de autobuses, coa renovación de pavimentos, principalmente nas zonas máis deterioradas, como é o caso da zona de circulación de autobuses.

Tamén se incluíron melloras nas instalacións eléctricas e na iluminación, o arranxo de falsos teitos ou dos aseos e a dotación de equipamento, como pantallas de información ou novo mobiliario para facer máis cómoda a espera de viaxeiros.

## Inaugurada en Sarria a mostra A memoria do son do Centrad

Xa se inaugurou en Sarria a mostra *A memoria do son*, con fondos instrumentais e do arquivo documental do Centro de Artesanía e Deseño (Centrad). Tras o seu paso polo Museo da Catedral de Compostela, onde recibiu máis de 55.000 visitantes, a mostra, froito dos traballos de investigación e recuperación que se desenvolveron desde o centro provincial a partir da iconografía medieval, chega a Sarria onde permanecerá ata o 30 de setembro.

A exposición, concebida para ampliar o coñecemento deste patrimonio musical, inclúe unha giga, unha rota, unha cítola, unha viola de perna, unha viola de brazo, unha zanfona e un organistro, construídos a partir de representacións escultóricas destes instrumentos en lugares emblemáticos como o Pórtico da Gloria ou o Pazo de Xelmírez ou dos datos recollidos en documentos literarios e históricos.

Os fondos instrumentais compléntanse con melodías accesibles, a través de códigos QR, proporcionando a oportunidade de escoitar o son de cada un deles. Tamén inclúe propostas interactivas, como unha salterio no que as persoas visitantes poderán interpretar melodías de cantigas de Afondo X e Martín Códax. De



cara ao público máis novo, ofrécense dous pasatempos -un crebacabezas e un encrucillado- que incorporan os contidos da exposición de forma lúcida.

Así pois, a exposición poderase visitar ata o vindeiro 29 de setembro no Antigo Cárcere. O horario de visitas é de 9.30 a 14.30 horas e levaranse a cabo todas as medidas sanitarias correspondentes.

A exposición conta cun catálogo, en catro idiomas, editado en papel pero tamen dispoñible para descargar, en formato pdf, na páxina web do Centro de Artesanía e Deseño.

# O PP insta á integración da residencia na rede provincial

Dende o Grupo Municipal do Partido Popular de Sarria sinalan que a creación da rede de residencias para maiores foi un proxecto "estrela dun goberno socialista da Deputación de Lugo. A estas alturas a execución de dito proxecto está xa moi avanzado e hai residencias en funcionamento".

Así pois, explican que o Concello de Sarria, que xestiona o seu propio centro dende 1983, acordou, co respaldo do PP, solicitar á inclusión desta residencia, A Nosa Señora do Carme, na rede da Deputación. O viceportavoz popular no organismo provincial José Antonio García anuncia a presentación dunha iniciativa no pazo de San Marcos para que sexa atendida a solicitude do Concello de Sarria. García considera que o citado concello ten o mesmo dereito que calquera dos outros que asinaron acordos coa Deputación para que a súa resi-

dencia funcione de modo similar en canto á financiación.

Segundo o acordo plenario da corporación de Sarria, a integración terá que ser o resultado dunha negociación entre o Concello e a Deputación, para definir as condicións nas que se levará a cabo.

Por parte municipal hai o compromiso de aprobar o convenio marco de cooperación entre os concellos e a Deputación para implantar e executar o sistema de servizos sociais nos centros de atención a persoas maiores. Igualmente, aprobará as ordenanzas de acceso ao servizo de atención a persoas maiores e a reguladora do prezo público para estancia na residencia.


Os populares destacan que desde que a residencia de Sarria empezou a funcionar en 1983 o Concello viuse obrigado a cubrir cos seus orzamentos os déficits xerados na súa xestión,

así como a asumir os gastos de mantemento e conservación do edificio e instalacións, e os custos correspondentes aos novos investimentos.

**ABANDONO.** Dende o Partido Popular de Sarria denuncian que Sarria "é a vila máis abandonada do Camiño de Santiago". Así pois, sinalan que nas rúas do Porvir, dos Anticuarios, do solar do Concello "saen silvas de dous metros que non permiten pasar andando pola aceras aos veciños e veciñas".

Os populares ofreceron estas conclusións tras unha visita a distintas zonas do centro histórico sarriao.

Os membros do grupo municipal, consideran que "non existe traballo de xardinería, nin encanto na vila a causa do abandono ao que está sometido, no mes de agosto e nun ano coma o Xacobeo 21".



Arriba, a residencia de maiores de Sarria, abaixo, unha beirarrúa

# “A sintonía entre artistas e público foi brutal”

Roberto Lolo, organizador do Festival de Maxia, despois desta 16ª edición, fai unha valoración sobre o evento deste ano

## Como valoraría esta edición do Festival de Maxia de Sarria?

Foi un éxito total. Ao final, completáronse todos os aforos os catro días, a xente portouse de forma increíble e, para min, foi un espectáculo ver aos espectadores aceptar todas as medidas e adaptarse desa maneira. De feito considero que a xente de Sarria foi un exemplo e síntome moi orgulloso diso. A verdade é que estou súper feliz e saíu todo de marabilla.

## En relación ao ano pasado foi similar?

Foi similar pero este ano había algo máis de aforo permitido ca o ano pasado polo que se puido levar a cabo con máis xente. A única pena que teño é que non puideran entrar todos os espectadores que me houbera gustado. Ao final, quedou moita xente sen poder acudir a algún dos eventos pero isto é unha cuestión que, independentemente de que exista covid ou non, ocorre nos eventos gratuítos. Os aforos teñen un límite e son os que son.

Outra cuestión que me deu moitísima pena é que non se puido actuar na residencia de anciáns nin no CAP por prevención, pero isto é algo do que espero desquitarme ao longo do ano en canto se poida. Podería ir eu mesmo sen problema ningún. Ao final, non poden desprazarse nin vir ao festival e por iso, todos os anos gústame levarlles algún dos magos que veñen. O ano pasado xa non se puido levar a cabo e este tampouco.

## Que destacaría desta edición?

A perfecta sintonía entre artis-

tas e público, que foi brutal. O público, eu penso que quedou encantado dos espectáculos e os artistas encantados do público. Ademais, nestes tempos dá moita vida ver toda esa sintonía, as ovacións... Sobre todo o maior agasallo é ese, e é por este tipo de cuestións polas que fago o festival, para poder ver á xente feliz e gozando; a toda a familia, tanto aos máis peques coma aos máis maiores.

## Que foi o máis sorprendente?

O que máis me sorprendeu foi a cantidade de persoas que había de fóra, de todas as partes de España e, sorprendentemente, houbo moitísimos peregrinos que estaban de paso e, ao ver o ambiente, os carteis, etc; quedaban. Iso tamén é un motivo de alegría porque o ano pasado non había tantos.

Ademais, outro aspecto que destacaría é que este ano viñeron artistas novos e houbo moita complicidade. Ás veces, cando un artista vén por primeira vez, non sabes como pode reaccionar ante Sarria porque esta vila é moi particular. O que se fai aquí é moi diferente a outros festivais, sen embargo, todo saíu de marabilla. Os magos adaptáronse perfectamente a todo, colaboraron un montón e, de feito, Jorge Blas actuou nunha gala infantil na que non estaba previsto, algo moi de agradecer porque foi unha sorpresa total. É impresionante ver como artistas de talla mundial queren colaborar e facer moitas máis cousas das que teñen previsto na programación co único fin de que a xente goce. É algo que destacaría xa que di moito deles, xa non

só como artistas, senón como persoas. A verdade é que funcionou todo ás mil marabillas e estou moi feliz. Estas cuestións son polas que fago o festival e estou moi orgulloso de como saíu todo e do comportamento e resposta da xente, que foi maior da que me esperaba.

De feito, tamén me gustaría darlle as grazas ao Concello por patrocinar o festival, así coma á Policía Local, a Protección Civil e a Cruz Vermella porque axudaron un montón.

## Que aspectos cre que se poderían mellorar?

Sempre se pode mellorar aínda que o balance é moi positivo. Sobre todo, que ogallá para o ano que vén esteamos xa sen máscaras e que a covid nos dea unha tregua e se poidan facer as cousas con tranquilidade e cos aforos permitidos. Iso sería mellorable, evidentemente. Por outro lado, como son xa 16 anos facendo este festival, sempre se cometen erros pero, moitas veces, aprendes duns fallos e cometes outros, polo que é unha evolución constante. Por exemplo, este ano tapei erros que cometín o ano pasado e este ano cometín outros novos. Non se pode alcanzar a perfección. Sen embargo, é así dende sempre e a xente xa está moi pendente dos eventos.

## Como ve a próxima edición?

Xa estou traballando nesa décimo sétima edición e penso que vai ser moito mellor. Solo espero que o tema sanitario non dea un respiro e se poidan facer as cousas con tranquilidade. Eu pola miña parte prometo que vai a ser a máis espectacular.



Tres momentos da edición deste ano

## As bibliotecas escolares do Plan Plambe reciben un impulso

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade vén de resolver as axudas do Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (Plambe) para o curso 2021/22, ao que este ano se incorporan seis novos centros educativos da provincia de Lugo, entre eles o de Sarria. Así, na provincia de Lugo achegarase o próximo curso un total de 203.550 euros a 94 colexios e institutos para renovar fondos e mellorar mobiliario e equipamentos das súas bibliotecas.

No municipio de Sarria están integrados 4 colexios e institutos que disporán de 12.800 euros. As de nova incorporación son a Escola de

Educación Infantil e o CEIP Antonio Fernández López.

Para reforzar as bibliotecas escolares artellaron novas medidas como unha nova liña de apoio para aquelas que están en centros do rural non integrados no Plambe, o deseño dunha acción de renovación da colección de materiais inclusivos para unha mellor atención á diversidade do alumnado, ou a extensión da convocatoria dos Clubs de Lectura aos centros de Primaria. O Goberno galego confía en que a flexibilización dalgúns medidas fronte á covid-19 permitirán recuperar estes espazos nos centros escolares.

# Audio©linic

## Centro Auditivo




**Ofrecemos los mejores servicios y la atención más exquisita que se merece su salud auditiva**

**SERVICIOS:** Audiometrías · Adaptación personalizada · Rehabilitación auditiva · Mantenimiento y reparación de audífonos

**PRODUCTOS:** Audífonos · Protección Auditiva · Tapones de Baño · Accesorios

**PROMOCIONES:** Revisión Auditiva · Promoción Audífonos

Praza Maior, 19 - 1º 27001 LUGO - 982 254 524 - audioclinic@gmail.com - www.audioclinic.es

# Unha discutida volta ás aulas

Educación presentou un avance do novo plan para este curso, moi criticado por incrementar as ratios e reducir profesorado de novo

Chegado o mes de setembro, os colexios comezan a súa actividade despois da experiencia adquirida o curso académico pasado e, segundo a Xunta, con máis seguridade grazas ao avance da vacinación. De feito, o alumnado maior de 12 anos terá a pauta de vacinación completa na semana do 13 ao 19 de setembro que, xunto ao profesorado xa inmunizado, iniciarán un novo ano escolar. Dende a Xunta sinalouse que será preciso revisar as diferentes medidas impostas dependendo da evolución da vacinación e do avance da situación sanitaria.

Así mesmo, tamén se sinalou que os membros afectados pola covid no curso pasado foi dun 3,7% do total de integrantes da comunidade educativa, por debaixo do conxunto da poboación galega.

Considérase, por esta razón, que o protocolo e que os sistemas de prevención foron efectivos e lograron que o curso avanzara correctamente. Sen embargo, algo que denuncia a Xunta é o feito de que non se estean dando axudas necesarias para facer fronte aos custos que a pandemia supón para as comunidades autónomas. A contratación de docentes, así coma o reforzo do servizo de limpeza son algúns dos exemplos que poñen dende a Xunta e que supón un sobre custo importante.

Por outro lado, hai que lembrar que neste novo curso educativo continuará en funcionamento o Comité Educativo, no que se atopan membros e expertos da comunidade escolar que avalían e toman decisións sobre aspectos educativos relacionados coa ensinanza no marco da pandemia. A pesar disto, as ratios e as distancias de seguridade son cuestións postas polo Goberno central e, segundo defende a Xunta, Galicia -xunto con Extremadura- ten a mellor ratio alumno/profesor de España -9,2 fronte ao 11,3 que existe de media estatal-.

En canto aos docentes, dende a Xunta anunciaron que chegarán 1.250 de reforzo a través do Plan Recupera e, de feito, afirman que o persoal laboral destinado ao desenvolvemento de dito plan son máis ca o ano pasado. Continúan explicando que dende o Ministerio de Educación e FP diminuíron a axuda para o programa PROA -Plan de Reforzo, Orientación e Apoio-, e que, sen embargo, engadiranse os docentes que sexan precisos para o cumprimento das medidas sanitarias.

O obxectivo de este programa, segundo a Xunta, é detectar as necesidades de aprendizaxe xeradas a partir da pandemia, así coma mellorar o rendemento académico a través de recursos didácticos pedagóxicos para o traballo docente.



Ademais, recordaron que os centros educativos puideron solicitar dito plan a través dunha convocatoria realizada no mes de xuño. Por

esta razón, no mes de setembro resolverase para que os 1.250 docentes poidan incorporarse aos centros educativos.

## REFORZO EDUCATIVO

Sen embargo, moitas das cuestións reflexadas pola Xunta non se comparten dende o BNG de Galicia. Así pois, consideran necesario reforzar o sistema educativo e consideran que os recortes da ensinanza pública corresponden a unha “decisión ideolóxica” do Goberno do PP da Xunta.

Así mesmo, defenderon que este curso estará marcado pola pandemia, polo que consideran necesaria a contratación de mil docentes máis ca o ano pasado. Ademais, sinalan que é preciso reducir as ratios a 20 escolares en infantil e primaria e a 25 en secundaria.

De feito, estas son medidas que esixiron despois de denunciar que o PP “pretende recortar máis de 1.600 profesores e profesoras no

ensino público como confirma o DOG e a propia Xunta de Galiza. En Secundaria, a falta da publicación definitiva do CADP -Concurso de adxudicación de destinos provisionais-, sabemos que a inspección e as xefaturas territoriais xa comunicaron aos centros a perda dun total de 435 profesores a respecto do curso pasado”.

Ademais, lembrouse o peche de centros de ensino públicos dende o ano 2009 -138 en total-. Por esta razón, o BNG lamenta o incremento de financiamento de ensino privado e recorte na educación pública.

Por outra beira, non faltan as voces críticas que urxen os protocolos sanitarios definitivos porque consideran que son precisos para coñecer a situación das actividades extraescolares, así coma do comedor e doutras cuestións.

## As cifras do alumnado activo

O xoves 9 de setembro comezaron en Galicia as clases nos ciclos de Infantil, Primaria e Educación Especial para 187.624 alumnos, o que supón 9.180 menos ca no curso 2019/20, o inmediatamente anterior á pandemia, segundo os datos provisionais recompilados polos servizos estatísticos da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Só en centros públicos o alumnado descende en case 6.000 escolares respecto do último curso antes da pandemia. Un total de 19.789 alumnos están en centros lugueses repartidos en 120 centros da provincia.

Respecto do curso 2020/21 a diminución é de 4.832 escolares, 3.363 deles en centros públicos. Neste sentido cómpre lembrar que as cifras de matriculación poden ir mudando ao longo do curso escolar.

Destaca a situación na provincia de Lugo, na

que seis concellos teñen por debaixo de 20 alumnos este curso. Trátase de Navia de Suarna (11), Muras (12), Samos e Negueira (13), Triacastela (15) e Cervantes (18).

**EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA.** Segundo estimacións da Xunta de Galicia, 55.698 alumnos comezan este ano nas aulas de Educación Infantil, o que supón 3.829 menos ca no curso 2019/20. Respecto do curso 2020/21 a diferenza é de 2.356 escolares menos. En Lugo son 4.543 alumnos en centros públicos, 1.512 en concertados e 73 en privados.

**CENTROS ESCOLARES.** Os centros -públicos, privados e concertados- que desde o 9 de setembro imparten ensinanzas de Educación Infantil e Primaria e Educación Especial quedan distribuídos do seguinte xeito na provincia de

Lugo: 4 imparte só Infantil, 89 infantil e primaria, 25 ESO e 2 educación especial.

### EDUCACIÓN SECUNDARIA.

A educación secundaria dará comezo ao curso esta semana. Serán un total de 94.187 os alumnos de ESO, o que supón 448 menos ca no curso 2020/21.

Ademais, 3.002 alumnos e alumnas comezarán o mércores as clases de Bacharelato ordinario en Galicia, o que supón 128 máis. Na provincia de Lugo serán 7.130 alumnos en centros públicos, 2.006 en concertados e 255 en privados no referente á ESO e 2.932 en públicos e 347 en privados en BAC. Do total da provincia, 561 alumnos estudan ESO na comarca sarriá entre os centros de Sarriá (491) e Lánchara (70). A estes hai que engadir os 155 que estudan BAC na capital comarcal

## As esixencias dos sindicatos

Non faltan as voces que poñen en dúbida as novas medidas da Xunta para o curso que comeza.

### COMISIÓNS OBRERAS

Así pois, a Federación do Ensino de CCOO de Galicia considera un erro o “relaxamento” das medidas covid nas aulas da comunidade. De feito, dende o sindicato denuncian que “é un corta e pega do protocolo do 4 de novembro do ano pasado, pero empeorado”.

Un dos cambios é o da distancia social, algo que non defenden xa que o consideran coma unha forma de aumentar ratios, diminuír o emprego e aumentar a inseguridade nas

aulas e, de feito, enténdeno coma un “criterio economicista”.

Desta forma, sinalan que é preciso a contratación de máis persoal docente xa que o ano pasado foi “insuficiente, especialmente en infantil e primaria”. Ademais, reclaman un maior número de persoal de limpeza para reforzar a seguridade e conseguir unha ensinanza segura e de calidade.

### CIG ENSINO

Outro dos sindicatos que deu a coñecer a súa posición en relación a estas medidas de prevención no ámbito da ensinanza foi a CIG Ensino que defende que, despois de

coñecer a situación e da experiencia do ano pasado, “estas decisións non responden a criterios científicos”.

Así pois, consideran que a redución de distancia social é un problema xa que os casos aínda son altos e, sobre todo, na mocidade. De feito, a CIG Ensino e CCOO concordan en que reducir o distanciamento é unha forma de aumentar o afor nas aulas e, desta maneira, reducir o profesorado e con el, o investimento en educación. Cualifican de “falacia a afirmación do conselleiro de Educación de que as aulas galegas teñen as ratios máis baixas do Estado”. Ademais, critican “ese xogo de trileiros de usar ratios medias sen ter en conta a dispersión xeo-

gráfica e a alta incidencia de centros educativos no rural”.

Por outra beira, consideran que o que se debe de facer en infantil e en primaria é “limitar ao máximo as ratios e, como mínimo, manter todos os desdobres autorizados no curso pasado, así como as contratacións de profesorado e apoio necesario”. Desta maneira tamén denuncian que coa pandemia é unha agresión ao ensino público ter que pechar aulas e reducir docentes.

Animan á comunidade educativa a denunciar os recortes que se están a producir e a esixir o mantemento dos cadros docentes en todas as etapas educativas, así coma non superar as ratios do curso pasado.



# Medidas para o curso escolar 2021/2022



Os colexios de infantil e primaria en Galicia continuarán co protocolo anticovid que se centrará en varios puntos fundamentalmente.

En primeiro lugar, as máscaras continúan sendo obrigatorias en todo momento a excepción do momento da merenda, na que os alumnos e alumnas poderán sacala para comer. Así mesmo, deberán de levar unha máscara de reposto.

En canto á distancia persoal, os nenos e nenas de infantil e de primeiro a cuarto de primaria non contarán con ela debido a que se dividirán en grupos burbulla, nos cales non se poderán mesturar con outros. Ademais, non haberá máis de 25 alumnos e alumnas por aula. No caso de quinto, sexto de primaria e secundaria é diferente e existe variación en relación ao ano pasado e, neste caso, si que ten que existir distancia persoal. Esta baixará de 1,5 a 1,2 metros polo que o alumnado dentro da aula aumentará sen poder superar os 30 alumnos.

Así mesmo, será fundamental a ventilación antes da chegada dos estudantes e despois durante 15 minutos, priorizando sempre a ventilación natural. Tamén seguirá sendo preciso hixienizar frecuentemente as mans -no caso dos menores de 6 anos será preferible que esta práctica se realice con auga e xabón, mentres que no resto de casos terán que realizalo con xel que deberán levar da casa-.

A presencialidade será máxima para todos os niveis e etapas. Tan só se podería pasar a semipresencialidade no caso de que aumente o nivel sa-

nitario no Concello e non se poidan levar a cabo as medidas sanitarias correspondentes. Ademais, esta situación só sería posible a partir de terceiro da ESO. No caso dos pais, nais ou titores legais será prioritario a comunicación telemática -tan só no caso de que o profesorado ou o equipo directivo o considere, se poderá facer presencial-.

No caso do comedor e do transporte escolar serán servizos que se manterán e, en relación ao segundo, os asentos asignaranse fixos para todo o curso escolar. Por outra beira, outra diferenza en canto ao ano anterior é a posibilidade de compartir obxectos sempre e cando se limpen despois de cada uso.

A entrada e a saída do alumnado realizarase por accesos diferentes -se é posible- e por etapas educativas para que existan as mínimas aglomeracións. No caso de que isto non se poida levar a cabo, será preciso que existan diferentes quendas. No caso do recreo, permitirase proximidade entre alumnos e alumnas de clases diferentes pero que sexan en todo momento do mesmo ano.

Por outro lado, no caso de que exista un caso sospeitoso de virus haberá que apartalo a un espazo de emprego individual. Se é un adulto e se atopa ben irase ao seu domicilio e, no caso de que se trate dun escolar, chamarase á familia e esta terá que contactar co centro de saúde ou cun teléfono de referencia.

Hai que destacar que estas medidas poden variar durante o ano académico a causa da situación epidemio-lóxica.



## AS OPINIÓNS DOS CENTROS

Nos centros educativos a situación segue a preocupar porque os centros aínda non teñen claro como haberá que desenvolver o curso que da comezo. As normas da Xunta, igual que o ano pasado non son moi claras e moitos centros están pendentes aínda de desenvolver unha normativa que se corresponda co centro. Polo de pronto as clases en Infantil e Primeira xa deron comezo e en ESO e BAC o farán esta mesma semana.

### CEIP DE SAMOS

Para o CEIP de Samos a volta ao cole tomouse con normalidade "os nenos xa teñen hábito e veñen con máscara, manteñen as distancias e desinfectan e lavan as mans ao subir e baixar". Dende este centro consideran suficientes as medidas que aporta a Xunta e Galicia, "se seguen as mesmas normas do ano pasado eu creo que deberían funcionar. Penso que habería que aumentar as medidas a nivel dixital por se existe un gromo pero polo demais considero que son suficientes".

Polo momento, o centro non ten previsto tomar medidas a maiores das establecidas "a non ser puntualmente por algunha circunstancia concreta".

"Aquí solo hai unha única aula, polo que é un aula burbulla e a ratio continúa coma o ano pasado. Ademais, as medidas seguen a ser as mesmas xa que as mesas están separadas a metro e medio, igual que no comedor, xa que existe espazo suficiente", explican neste pequeno centro escolar, no que engaden que teñen necesidade de reforzar o profesorado: "Estamos dúas profesoras; a profesora de inglés que comparte con infantil e a de primaria. Eu creo que un profesor ou profesora de apoio si que o necesitabamos, en todos os aspectos, tanto a nivel de nenos coma a nivel de



centro". Debido tamén a este problema co profesorado, por agora non saben si haberá actividades extraescolares. "O ano pasado non tiveron e este ano están creando un Anpa. De momento o que se sabe dende o Concello é que non temos".

### CEIP RICARDO GASSET DO INCIO

Para o colexio do Incio o novo curso escolar tamén se ve con máis tranquilidade e "de maneira máis positiva en relación ao curso anterior porque o protocolo continúa coas mesmas medidas e os nenos e nenas, a excepción dos que comezan en 3 anos, xa as teñen adquiridas. Por tanto, hai que continuar coas rutinas e medidas de protección do curso anterior".

Indican que "habería que proporcionar máis controles nos centros escolares debido a que os nenos e nenas non están vacinados. Por iso, consideramos que sería boa idea facer certas probas, cunha certa temporalidade para evitar así posibles contaxios".

Afirman tamén que sería necesario máis profesorado nalgúns centros. Eles, están dentro da ratio de protocolo que establece a Xunta de Galicia pero este ano tiveron un importante aumento de matrícula aínda que non cren necesario reforzar o profesorado.

Tamén dependen da Anpa para tomar unha decisión sobre si haberá actividades extraescolares este ano. "Estamos á espera. O que sabemos é que a Anpa, en colaboración co Concello, estaban a valorar a súa realización; estaban mirando diversos tipos de actividades pero aínda non temos nada confirmado".

## Muebles Celeiro

Vilapedre - 27614 - Sarria LUGO  
Tel. 982 532 451 Móvil 625 662 962  
www.mueblesceleiro.com (con proceso de construción)  
mueblesceleiro@gmail.com



Ven ver a nosa exposición



## AGRO

ELISARDO BARCALA

Volta ao cole 2021

Imos aló!!!



## Lá e ovellas

## APUNTAMENTOS VETERINARIOS



Breixo González

**P**untos a ter en conta cando se crían ovellas: Hoxe imos falar de certos aspectos sobre a cría de ovinos a nivel básico.

As ovellas son ruminantes (é dicir realiza a rumia cun estómago complexo como vacas e cabras), polo tato a súa dieta ten que ser a base de forraxes, as ovellas son grandes transformadoras de forraxes incluso os de baixas calidades) o manexo alimenticio sobre todo nos forraxes debemos recordar que un exceso de leguminosas ou unha excesiva presión sobre os prados pode dar lugar a meteorismos (exceso de gas no tránsito dixestivo).

Outro punto a ter en conta é que o ovino, agás certas razas de orixe africana) están cubertas de lá, a lá é unha fibra natural que cobre gran parte do corpo de los ovinos e que a súa principal función é manter a temperatura corporal protexendo ó animal no inverno. Sin embargo, desde fai séculos quen se adican a gandería ovina teñen tosquiado as ovellas para manter ó animal san e poder utilizar a lá como un sistema de abrigo. Grazas a ela pódense confeccionar prendas de roupa como bufandas, xerseis ou abrigos que permiten abrigarnos con un tecido suave e resistente a las temperaturas

más extremas. As ovellas precisan recortar a lá, polo menos unha vez o ano, de xeito normal no verán xa que así evitamos que se acaloren e que enfermen. De feito, aproveitase esta época do ano xa que soe coincidir co levantamento da lá que é cando o pelo comeza a desprenderse da pel do animal de xeito natural. A diferenza do que se poida pensar, se a tosquia a realiza alguén adestrado na mesma a ovella non é mancada. Outra laboura que hai que coidar son os pezuños do animal, sobre todo os que andan toda a vida en terreo brande e non desgastan os mesmos, e este sobrecreemento fai que acumulen lama e pedras e causar infeccións nas extremidades.

Por último con respecto a prevención de enfermidades, é fundamental levar un control fronte a parásitos: no caso dos internos é fundamental a desparasitación fronte a nematodos (vermes redondos) que afectan o tránsito dixestivo e pulmonar e tamén fronte a fasciolose que é un trematodo que afecta o fígado e causa hepatites.

No ámbito preventivo tamén debemos ter en conta as vacinacións fronte as clostridioses e vasquilla que son enfermidades causadas por bacterias produtoras de toxinas que danan diversos órganos internos dos animais.

No caso das desparasitacións externas teremos en conta a piollos pulgas e carrachas e a prevención das sarnas.

## O PSOE culpa a Feijóo da sobreproducción do lobo

A secretaria Provincial do PSdeG-PSOE e deputada Autonómica, Patricia Otero aludiu as declaracións da presidente do PP que xunto con outros representantes deste partido "voltaron a utilizar a hipocrísia en relación coa situación do lobo, co fin de tratar de avalar as responsabilidades exclusivas da Xunta e do Goberno do PP", lamentou.

Otero advertiu que Elena Candia "aproveitou o tema da clasificación do lobo como especie protexida para lanzar a pedra e agochar a man". Por iso puntualiza que "a protección aínda non foi aprobada e, polo tanto, nada puido ter que ver coa superpoboación actual deste animal no noso territorio, senón todo o contrario", advertiu.

Nesa liña remarca que "a sobreproducción do lobo débese ao absoluto abandono de responsabilidades da Xunta de Galicia no mandato do PP. Por unha banda, o Plan do Lobo aprobouse en 2008, incluíndo a obriga de revisalo nun prazo de 10 anos. Incumprimento flagrante deste plan, porque xa pasaron 3 anos do prazo sen que a Xunta levase a cabo ningunha revisión".

"Tampouco houbo novidades sobre o Foro Galego do Lobo, onde todos os sectores implicados e os obri-



gados pola lei tamén deben estar presentes en estudos zonais sobre o comportamento deste animal para revisalos cada cinco anos. Outro incumprimento máis do PP e da Xunta, xa que hai que lembrar que o último censo do lobo data do ano 2014", criticou a socialista.

"Noutras palabras, os fracasos do Goberno de Feijóo, para os que ata a data de hoxe carecemos de determinadas cifras sobre os rabaños que habitan o noso territorio foron os que impediron levar a cabo calquera acción para controlar este animal". Así as cousas "a situación actual corresponde exclusivamente ao abandono dos gobernos do PP, que

careceron de calquera iniciativa para afrontar o probable crecemento da poboación de lobos", espetou Otero. Por último a secretaria provincial dixo que "o PP, máis que adicarse a espallar falsidades, debería traballar para que o Goberno de Feijóo cumpra coa dilixencia de que hoxe carece para tramitar as axudas polas perdas producidas polos ataques dos lobos aos nosos gandeiros. Unhas axudas que non só deben incluír a avaliación da perda do animal, senón tamén debe incluír os beneficios perdidos; é dicir, a avaliación dos danos que a súa desaparición tempera causa á actividade produtiva dos seus propietarios", expuxo.

## Denuncian á Xunta polo risco da liberación da caza do xabaril

Ecologistas en Acción Galiza califica de temeraria e anticientífica a medida aprobada pola Xunta de Galicia pola cal se libera por completo a caza do xabaril en 200 concellos, sen cota de extracción e sen período de caza.

A organización ecoloxista advirte que son diversos os estudos científicos, algúns deles feitos en Galicia, que asocian a siniestralidade nas vías de comunicación terrestre con especies cinexéticas. Así, o número de accidentes de tráfico con xabaríns ou corzos aumentan no período de caza cando os animais de ven desprazados fuxindo dos cazadores dende os seus territorios habituais.

Estes estudos aseguran que a resposta de especies como o xabaril perante á presión cinexética exercida polo ser humano é adiantar o período fértil das femias e aumentar

a taxa de natalidade. Deste xeito un aumento da presión cinexética sobre o xabarín, lonxe de controlar a súa poboación, provoca un aumento.

Ecologistas en Acción pon o foco tamén na seguridade do resto de usuarios dos montes galegos: "Pode a Xunta de Galicia garantir a seguridade de senderistas ou turistas cun período de caza extendido durante todos os días do ano?"

A organización ecoloxista reclama a instalación de pasos de fauna nos puntos de concentración de atropellos de fauna e a protección estricte do lobo en todo o territorio galego. Ecologistas en Acción amósase sorprendido de que a Xunta opóñase á protección do lobo e ao mesmo tempo anuncie unha suposta superpoboación de xabarín e corzo, principais presas do lobo.

## Invisten uns 5 millóns na plantación de coníferas e frondosas

A Xunta investirá preto de 5 millóns de euros na plantación de coníferas e frondosas en máis de 2.500 hectáreas da nosa comunidade deica o final do vindeiro ano 2022.

No caso da provincia de Lugo, aglutina 53 expedientes favorables para a creación de 523 ha de novas superficies forestais grazas a preto de 935.000 euros en axudas, concedidas principalmente a comunidades de montes. Estes beneficiarios seguirán así os pasos da Comunidade do monte veciñal en man común de San Breixo de Parga, que plantou arredor de 14.000 piñeiros do país (Pinus pinaster) nun terreo de 13,73 hectáreas, en virtude dunha achega superior aos 18.000 euros concedida na convocatoria de 2017. A maiores, cabe sinalar que esta superficie foi obxecto dunha prima de mantemento en 2019, 2020 e 2021, por un importe total superior aos 13.130 euros.

# DEPUTACIÓN

## A Deputación ten executado o 75% do plan Ilumin@

A Deputación rematou a execución de case o 75% do Plan Ilumin@, un programa dotado con 723.000€ co que a institución provincial axuda aos concellos da provincia a aforrar custes enerxéticas. Do total do investimento, o 80% son fondos europeos que a Deputación conseguiu a través do IDAE (Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía), un organismo dependente do Ministerio de Transición Ecolóxica. Xa son 28, dos 38 concellos que decidiron adherirse a este programa, os que teñen as actuacións completadas, consistentes na substitución de luminarias públicas por outras máis eficientes.

Os contratos de subministro e instalación de material que inclúe o plan Ilumin@ está dividido en zona norte, centro e sur. O 100% da zona centro está rematada, mentres que na zona norte 11 dos 14 concellos xa se benefician do programa e un, Burela, está rematado, pendente de certificar. Pola súa banda, cinco concellos da zona sur xa teñen o plan Ilumin@ completo e os 7 restantes



Firma do Plan Ilumin@ cos representantes dos concellos

-As Nogais, Carballedo, Monforte de Lemos, O Incio, O Páramo, O Saviñao e Samos- están en execución.

Con este plan, os 38 concellos da provincia que decidiron adherirse cambiarán en total unhas 3.200 luminarias por outras de tecnoloxía LED, o que suporá un aforro conxunto de 62.000€ ao ano, isto é, ata un 63% da facturación eléctrica das instalacións municipais nas que se actuará, fundamentalmente alumea-

dos públicos exteriores. Ademais, a tecnoloxía LED permitirá reducir o consumo nun total de 450.000 quilovatios ao ano, o que minimizará tamén a pegada de carbono.

O plan Ilumin@ forma parte do obxectivo estratéxico da Deputación de cooperar cos municipios para que poidan prestar servizos públicos eficientes á cidadanía aforrando custes, pero tamén preservando o medio ambiente.

## Comeza a elaboración de orzamentos

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, avanzou que a elaboración dos Orzamentos 2022 é unha das prioridades do novo curso político.

“Nos dous anos que levamos gobernando sempre conseguimos sacar adiante os presupostos dentro da anualidade anterior para telos en vigor en xaneiro. Este ano tamén o faremos así e traballaremos para poder aprobalos antes de que remate o ano porque os orzamentos son o documento que fixa as actuacións que seguirá o Goberno no ano seguinte”, recalcou o mandatario provincial.

Tomé Roca dixo que o Goberno seguirá colaborando cos concellos. “É unha das nosas liñas de acción prioritarias como Deputación, e así o demostramos nesta pandemia coas nosas políticas e decisións, adiantándonos en moitas ocasións ás súas necesidades, como foi o feito de facerlles chegar con antelación os fondos económicos dos impostos, por exemplo, e dando

soporte a aquelas necesidades que teñan”, explicou.

O mandatario provincial dixo que na folia de ruta do Goberno tamén está “seguir co Plan de Impulso da Economía da Provincia, desenvolvendo novos programas e iniciativas que axuden aos sectores produtivos máis afectados polas restricións da pandemia, e tamén seguir con outros novos programas que temos en marcha”.

Ademais, o presidente situou os servizos sociais e a atención socio-sanitaria como un dos principais obxectivos nos que continuar traballando no novo curso político. “No que queda de ano teremos dous novos Centros de Atención a Maiores abertos, en setembro o de Meira e a finais de ano o de Navia de Suarna”, anticipou.

A Deputación de Lugo ten en funcionamento a día de hoxe seis centros de atención a maiores, abertos en Trabada, Pol, Ribadeo, A Fonsagrada, Castroverde e Pedrafita do Cebreiro.

## Anuncian melloras para a rede de estradas

A Xunta de Goberno aprobou melloras para a rede de estradas da Deputación por un importe de 1,7M€. O órgano de goberno provincial sacou adiante a licitación dos traballos de acondicionamento e rehabilitación do firme en 5 estradas do Páramo e Ribadeo e a adxudicación das obras noutras 5 vías que atravesan os concellos de Guitiriz, Monforte de Lemos, Bóveda, Pastoriza, Castro de Rei e Barreiros.

“Mellorar a mobilidade é unha das prioridades neste mandato e tamén o meu compromiso, porque unhas estradas en boas condicións son necesarias para favorecer a igualdade de oportunidades e o reequilibrio territorial”, apuntou Tomé Roca, que lembrou lembrou que nos orzamentos provinciais deste ano as partidas para o amaño de estradas aumentaron nun 14% ata acadar os 16M€.

No concello de Ribadeo licitouse a rehabilitación do firme da LU-P-5207, que vai a Vilela, nun tramo de algo menos dun quilómetro á altura do inicio da estrada, entre os puntos quilométricos 0,500 e 1,129. Un tramo que tamén se dotará de

beirarrúas no paso sobre as vías do ferrocarril. “Esta é unha actuación moi demandada polos veciños e as veciñas, porque é unha vía que dá acceso ao campo de fútbol municipal Pepe Barrera”, apuntou o Presidente. Estes traballos contarán cun orzamento de 524.000€ e un prazo de execución de 12 meses.

Ademais darase continuidade aos traballos da estrada provincial paralela á costa de Barreiros, a LU-P-0610. Neste caso, a institución provincial xa investiu 91.300€ nesta vía, para mellorar o tramo entre os puntos quilométricos 3,400 e 5,400. Na Xunta de Goberno celebrada este venres saíu adiante a adxudicación do proxecto para a mellora doutro tramo desta estrada estratéxica para Barreiros e a comarca da Mariña. Os novos traballos acometeranse entre os quilómetros 1,400 ao 3,400, cun investimento de 120.777€ e un prazo de execución de 9 meses. “Xa o dixen no seu día, pero manteño o meu compromiso de que neste mandato esta estrada quedará totalmente renovada”, apuntou o presidente.

## Repararán a fachada do Pazo de San Marcos



A Deputación licitou, por importe de 120.000 euros, a reparación e acondicionamento da fachada do Pazo de San Marcos, sede da institución provincial. O histórico edificio presenta deterioro nalgúns zonas debido ao paso do tempo. Os traballos consistirán na limpeza da fachada e da súa mampostería, o saneamento de fisuras e gretas, a eliminación de humidades e de filtracións de auga e o pintado das paredes.

O proxecto tamén inclúe a colocación na fachada unhas letras en aceiro pintado co texto Deputación

Provincial de Lugo, que xa existían antes da remodelación da Praza de San Marcos, e que identificarán á institución que alberga o Pazo. Estes traballos completaranse coa reparación da pintura do Salón de Plenos, que presenta zonas afectadas pola antiga presenza de humidades.

Con este proxecto, que ten un prazo de execución de tres meses desde o inicio das obras, continúaase a mellora do edificio, que xa comezou o ano pasado coa renovación da cuberta, que contou cun investimento de case 350.000 euros.

## 140 solicitudes na primeira edición de Coñece a túa provincia

José Tomé Roca, anunciou a aprobación da listaxe de entidades admitidas no programa Coñece a túa provincia, unha das medidas integradas o Plan de Impulso de Economía da Provincia. A iniciativa, que recibiu 143 solicitudes de participación na súa primeira edición, inclúe viaxes por toda a provincia para entidades sen ánimo de lucro con sede nalgún dos 67 concellos da provincia.

Tomé valorou o éxito do programa e sinalou que “estamos moi contentos e orgullosos do poder de convocatoria desta iniciativa que naceu con vocación de continuidade e que creemos que contribuirá, de maneira moi importante, á recuperación sostible do sector turístico, da hostalería e do comercio local. Os sectores máis castigados pola pandemia grazas ó seu efecto multiplicador”.

O órgano provincial admitiu a 62 entidades como primeiras beneficiarias e 79 foron incluídas na lista de agarda, só dúas asociacións excluíronse por non cumprir con algún dos apartados da convocatoria. As prazas foron adxudicadas por orde de inscrición ata completar as prazas, tal e como sinalan as bases.

## COMARCA

## Lugauto estará este mes no Salón do Automóbil



Lugauto Participará no Salón do Automóbil de Lugo que se celebrará entre os días 17 e 19 de setembro no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo. Para o evento Lugauto levará unha ampla representación de toda a gama actual de BMW, desde os últimos modelos da Serie 4 Coupe e Serie 2 Gran Coupe ata

o novo BMW iX3, a versión 100% eléctrica do BMW X3 que acaba de presentarse co novo facelift ao igual que a carrocería do BMW X4. Para os días do Salón do Automóbil de Lugo, Lugauto ten preparadas unhas atractivas promocións, tanto de produto como de financiación.

## Continúa aberta a matrícula na UNED

Xa está aberto o período de matrícula en Formación Permanente da UNED para o curso académico 2021/22. Este estenderase ata o 30 de novembro de 2021, mentres que o prazo extraordinario continuará até o 14 de xaneiro de 2022.

Ademais, tamén está aberto o prazo de matrícula para os cursos semipresenciais e en liña do Centro Universitario de Idiomas Dixital e a Distancia da UNED (CUID). Até o próximo 22 de outubro pódese facer a inscrición sen necesidade de posuír titulación académica algunha.

O CUID da UNED imparte 16 idiomas en distintos niveis: alemán, español, francés, inglés, italiano, neerlandés, portugués, árabe, chinés, esperanto, xaponés, Lingua de Signos Española, ruso, catalán-valenciano, galego e éuscaro. Dos cales, inglés, galego, chinés, portugués e alemán impártense no centro de Lugo. Todos os cursos seguen as directrices do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER), nos que se traballan o catro competencias comunicativas, comprensión e expresión, oral e escrita.

O CUID, independentemente da modalidade de ensino (semipresencial ou exclusivamente en liña), organiza e desenvolve os seus programas nunha contorna virtual. A duración dos cursos para ambas as modalidades de

ensino é de novembro a maio de cada curso académico, o que corresponde a 150 horas lectivas.

Ata o 21 de outubro continúa aberto tamén o prazo de matrícula na UNED para estudos de Grao e Máster. Este ano ampliouse moito a oferta de Microtítulos con respecto ao curso pasado, ofertándose un total de 12 Microtítulos de Grao e un Microtítulo de Máster.

**UNED SÉNIOR.** O prazo para realizar a matrícula para a UNED Sénior xa está aberto dende o 13 de setembro. Dentro da programación desta liña, este curso, retomarase a introdución á informática, nunha actividade tutorizada por Rocío Cuiña Cotarelo, e a iniciación ao inglés, impartida por María Soledad Fernández López. A de informática desenvolverase os martes, de 16:30 a 18:30 horas e o de inglés iniciación A1 será os xoves, de 12:00 a 14:00.

O prazo de matrícula comeza o 13 de setembro e estará aberto até o 13 de outubro.

A matrícula realizarase de xeito on line ou presencial na Sede da UNED con cita previa. Por razóns sanitarias, o número máximo de estudantes presenciais será de 15.

A data prevista de inicio das clases será o 18 de outubro. A UNED establece un prezo de 50 euros por materia.


## A provincia supera a quinta vaga da covid cos gromos controlados

A quinta vaga, coa vacinación xa moi avanzada, deixou claro que a covid non está superada e que a vacina ten unha función de eliminar os riscos da enfermidade pero non evita o contaxio. De feito, a nova variante, que se expande con gran rapidez foi a causante desta última vaga, que atopou na mocidade un lugar fértil para chegar de novo a todos os rincóns. A provincia de Lugo non quedou allea a esta corrente e tivo que ver como asolaba de novo.

Os casos subiron rapidamente durante o verán aproveitando a relaxación das medidas e o tempo de ocio malia que a vacinación chegou a practicamente toda a poboación adolescente, que xa conta con algunha dose. Tamén volveron as defuncións, practicamente reducidas á xente maior, unha vintena, ao mesmo tempo que aumentou a hospitalización aínda que agora, son a xente moza a que tivo que acudir aos hospitais.

Tamén volveron as restricións. Os gromos detectáronse en diferentes lugares o que provocou un aumento de casos rápido e levou aos diferentes concellos a situarse en niveis de alerta, incluso, como no caso de Monforte, en máxima.

Pero chegouse novamente a un punto de inflexión que provocou unha



nova baixada de casos que primeiro foi lenta e agora está acelerada de forma sorprendente chegando a superar por baixo a barreira do milleiro de casos. Na comarca, Sarria non logra contolar o gromo e mantén a alerta media mentres que o resto están limpos.

Coa baixada de casos comezou tamén o alivio das restricións novamente. De novo a provincia de Lugo respira con máis tranquilidade con sete concellos en alerta media e un en alta. Na comarca chairega Castro de Rei é o único que segue en alerta

pero mellorando as cifras día a día. Por outra banda, volveron cambiarse as restricións ampliando aforos en terrazas e interior dos locais e mesmo ampliando o lecer nocturno, o máis castigado pola pandemia. Para seguir avanzando nesta liña, o conselleiro de Sanidade avanzou que haberá un novo protocolo para a hostalaría con dous niveis de seguridade, o medio e o máximo, que non estarán relacionados coa situación de alerta na que se atope o concello e será o propio local o que decidía en que grao estará situado.

## O PSOE di que a Xunta prexudica aos concellos pequenos a nivel cultural

A portavoz de Política Local do Grupo Socialista, Begoña Rodríguez Rumbo, presentou unha proposición non de Lei na Comisión Institucional do Parlamento para reclamarlle á Xunta un plan a cinco anos para o reequilibrio territorial na distribución cultural, que foi rexeitada polo PP. Rodríguez Rumbo explicou que esta proposta buscaba revertir a discriminación por parte da Xunta contra os concellos pequenos no eido cultural.

Sinalou que o goberno galego prexudica aos concellos máis pequenos nos baremos para conceder axudas e equipamentos para realizar actividades culturais, deseñados para "favorecer aos concellos máis grandes. Precisamente os que teñen máis capacidade". Reclamou que "muden o xeito de facerlle chegar estes fondos aos concellos galegos", deixando a convocatoria de subvencións concretas para fixar un plan plurianual



en función das "necesidades reais". A responsable socialista sinalou que a cultura conforma un "piar fundamental para a fixación de poboación" e frear a "sangría demográfica" do interior de Galicia que "ata o momento o goberno de Feijóo non foi quen de parar, nin sequera de freala". Advertiu que "de seguir coas mesmas receitas e as mesmas medidas, os resultados que van obter serán os mesmos".

**SANGRÍA DEMOGRÁFICA.** Sinalou que dende a chegada de Feijóo ao goberno, Galicia ten 94.270 habitantes menos, e 257.000 persoas menores de 40 anos, ademais dunha das peores taxas de saldo vexetativo. Reivindicou medidas eficaces para que os concellos, sinaladamente os rurais, poidan contar cos recursos axeitados, en lugar de estar como agora asfixiados por ter que financiar recursos competencia da Xunta.

## Catro concellos reciben unha axuda para desenvolver o PACE

Trece concellos lucenses, catro da comarca, recibirán unha subvención para redactar os Plans de acción para o clima e a enerxía sustentable (Paces), unha ferramenta de carácter técnico que ten como obxectivo avanzar na loita contra o cambio climático e o quecemento global en clave local.

As subvencións concedidas en Lugo serán para Paradela, Castroverde, Triacastela, O Valadouro, Ribeira de Piquín, A Fonsagrada, Navia de Suarna, Ourense, Sarria, Taboada, Vilalba, O Páramo e O Saviñao. Todos eles recibirán unha achega autonómica de 3.000 euros para traballar no seu Paces.

As 13 axudas concedidas na provincia suporán un investimento de preto de 55.000 euros e se cubriron o 100% da solicitudes presentadas. Así mesmo, a día de hoxe xa hai outros 36 municipios lucenses traballando na elaboración destes plans grazas aos apoios recibidos por parte destas axudas, convocadas por primeira vez.

No conxunto de Galicia e ao abeiro da convocatoria deste ano, concedéronse subvencións a 70 concellos por un importe total de 337.000 euros. Estes municipios súmanse aos 176 que xa están a traballar actualmente na elaboración do seu propio plan de xeito que, a día de hoxe, pode dicirse que preto de 250 entidades locais galegas xa están comprometidas de forma activa na loita contra o cambio climático.

Un Plan de acción consiste na elaboración dun inventario de referencia de emisións de gases de efecto invernadoiro e na avaliación de riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático; polo que coa axuda da Xunta os municipios poden a sufragar os traballos de asistencia técnica para a elaboración dos mesmos.

Deste xeito, dáse cumprimento a un dos compromisos de adhesión ao Pacto das alcaldías para o clima e a enerxía, integrando a loita fronte ao cambio climático como unha das variables que deben estar presentes na definición das políticas lo-

cais, tanto para reducir as emisións e mellorar a eficiencia enerxética, como para adaptarse ás consecuencias derivadas do quecemento global que está a sufrir o planeta.

O Pacto das alcaldías polo clima e a enerxía foi impulsado no ano 2008 ata converterse no maior movemento de carácter internacional para buscar sinerxías entre distintas administracións fronte ao cambio climático, cunha mención especial ao labor dos concellos pola súa relación directa cos cidadáns. De feito, na actualidade conta xa co respaldo dunhas 10.000 entidades locais de todo o mundo.

Na actualidade xa son 271 os concellos adheridos ao Pacto, o que representa a unha poboación de preto de 2,2 millóns de galegos, cifras que os expertos coincidiron en interpretar como unha mostra da boa acollida que está a ter este movemento en Galicia, sobre todo desde a creación da Oficina técnica de coordinación e asesoramento aos municipios no 2018.

## A comarca sarriá conta xa cun servizo de atención temperá



A agrupación de Concellos de Sarria, Láncara, Triacastela, O Páramo, Paradela, Samos e O Incio participan no servizo de atención temperá, un servizo gratuíto dirixido a nenos e nenas con idades comprendidas entre os 0 e os 6 anos, con trastorno do desenvolvemento ou risco de padecelo, ou ben se dé unha situación de vulnerabilidade.

Para acceder a este servizo, a familia debe acudir ao servizo de pediatría do centro de saúde que lle corresponde e informar

ao seu pediatra da sospeita do trastorno ou de calquera outro problema que lle preocupe.

Para máis información pódese contactar co número de teléfono 648 174 682 ou no enderezo electrónico [sat.gruposarria@coescoformacion.com](mailto:sat.gruposarria@coescoformacion.com). Así pois, tamén se pode ir ás dependencias do colexios Nuestra Señora de la Asunción, en Sarria en horario de luns, martes e mércores de 10.30 a 12.30 ou de 15.30 a 18.30, ou xoves e venres de 8.30 a 12.30 horas.

## A CoGaVE pide a restitución das oficinas bancarias

A Confederación Galega de Asociacións Veciñais Rosalía de Castro (CoGaVe), que aglutina as principais Federacións de Asociacións Veciñais de Galicia e un total de, aproximadamente, 500 asociacións, manifestou o seu “profundo descontento” con motivo da supresión de oficinas bancarias en Galicia —especialmente en zonas de contorna rural, aínda que tamén de contorna urbana, q’ue unida á redución de persoal de atención ao público, está a orixinar numerosas situacións de caos organizativo para os usuarios, coa formación de longas colas de espera no exterior das oficinas —á intemperie— e, en numerosos casos, tratándose de persoas de idade avanzada e/ou con problemas de saúde”, explican dende a asociación.

Desde a CoGaVe consideramos “inaceptable” que o horario de atención ao público en portelo estea tan limitado —sendo en numerosos casos, “unicamente ata as 11 da mañá”. “Esta situación, así como as anteriores, provoca que numerosas persoas de idade avanzada e/ou con dificultades de mobilidade ou para desprazarse á oficina bancaria, deban solicitar polos seus propios medios un taxi —co sobrecusto económico que iso supón—; e, motivado pola limitación horaria de atención ao público, tamén en numerosos casos,



tras abonar o servizo de taxi, non son atendidos pola entidade bancaria, por acceder ao interior da oficina minutos despois das 11 da mañá, a pesar de estar na cola de espera con anterioridade. Consideramos este feito, en todo punto, inaceptable, xa que se trata da atención a quen é os clientes directos das entidades bancarias, grazas aos cales, estas obtéñen os seus cuantiosos beneficios; e supón, por tanto, unha grave falta de respecto aos mesmos, ademais dun claro menoscabo aos seus dereitos como clientes”, explican.

Indican que a maior parte de oficinas bancarias suprimidas correspóndense coas zonas rurais, que é onde residen maioritariamente persoas de idade máis avanzada, e que, “en numerosos casos, non dispoñen dun

dominio suficiente das novas tecnoloxías ou carecen por completo dos recursos técnicos necesarios para o exercicio das mesmas, como para ser redirixidos á banca electrónica ou ás novas tecnoloxías en xeral, ou ao propio manexo dun caixeiro automático sen axuda ou atención engadidas”.

No seu escrito, a CoGaVe, afirma que os prexudicados directos do peche de oficinas bancarias son os propios clientes das entidades, “grazas aos cales estas obtéñen cuantiosos beneficios económicos, e en contrapartida mesmo someten, en numerosos casos de forma ineludible —ante a obrigatoriedade de dispoñer dunha conta bancaria—, aos seus clientes ao pago de comisións abusivas”.

## Aprobada a proposta de desdobrar o corredor Nadela-Monforte

A Comisión de Ordenación Territorial do Parlamento de Galicia aprobou a proposición non de Lei presentada polo Grupo Socialista para urxirle á Xunta que execute o desdoblamento íntegro do corredor Nadela – Monforte que permita a súa conversión en Autovía. A portavoz de Obras Públicas, Patricia Otero, presentou esta iniciativa para completar unha actuación que “representa a pésima xestión das infraestruturas da Xunta”.

A responsable socialista sinala que a infraestrutura acumula “unha retalla de promesas reiteradamente incumplidas, retrasos inxustificables e partidas que se consignan ano tras ano nos Orzamentos pero que nunca se executan”. A última, dixo, foron as declaracións de Feijóo anunciando a futura autovía entre Nadela e Sarria, obviando o tramo Sarria – Monforte e emprazando a un novo adiamento desta actuación. Acusou ao presidente da Xunta de “non escoitar aos alcaldes, facer

caso omiso das demandas dos veciños e veciñas e incluso dos consellos técnicos, que veñen sinalando dende hai anos o risco que supón manter o tráfico en dobre sentido nunha vía concibida como autovía para circular en sentido único”. Así o constatan os continuos sinistros rexistrados nesta estrada, que é un punto negro de sinistralidade viaria na provincia, algúns deles co falecemento das vítimas.

Urxiu ao goberno galego que “non se volvan durmir con estes trámites” e urxiu a rematar unha infraestrutura iniciada polo goberno presidido polo socialista Emilio Pérez Touriño. Aquel Executivo, explicou, realizou actuacións complementarias que permitirían o desdoblamento total e a súa conversión en autovía, pero a chegada de Feijóo supuxo primeiro unha espera de 6 anos para completar o corredor, que non foi ata 2015, e o adiamento da súa conversión en autovía ata hoxe.

## Aprobado o expediente de contratación da obra de mellora do acceso a San Breixo

O Concello de Triacastela aprobou o expediente de contratación da obra de mellora do acceso ao núcleo de San Breixo, nun procedemento aberto simplificado sumario, así como o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, que serviran de base á licitación.

O prazo de execución será de tres semanas e o orzamento base de licitación é de 26.905,27 euros IVE incluído.

O Prego de cláusulas administrativas da adxudicación do contrato -mencionado anteriormente-, e o proxecto técnico poderanse consultar no perfil do contratante da Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, podendo acceder ao mesmo desde a dirección <https://triacastela.sedelectronica.gal/>.

Os interesados poderán solicitar información adicional sobre os pregos e demais documentación complementaria cunha antelación mínima de cinco días á finalización do prazo de presentación de proposicións.

# O Concello publica as bases das axudas dirixidas a microempresas e autónomos

O Concello de Triacastela publicou as bases reguladoras das axudas para as microempresas e persoas traballadoras autónomas titulares de negocios no termo municipal de Triacastela, ás que afecta a crise da covid19.

Desta maneira, dende o Concello buscan impulsar a actividade económica da vila, despois da obrigatoriedade de parar os negocios para protexer a saúde e a seguridade da cidadanía. Para iso, outorgan liquidez ás microempresas e ás persoas traballadoras autónomas e os seus negocios para que estes poidan sobrevivir.

Estas axudas solo se poderán solicitar por titular de negocio afectado.

A Administración do Estado e a Autonómica proporcionan recursos estándares que unicamente os concellos poden ensamblar e adaptar á súa realidade local particular, exercendo as súas competencias en materia de desenvolvemento económico local e emprego, así como a concesión de axudas por mor de acontecementos e situacións que supoñan



Concello de Triacastela

perigo e necesidade.

Considérase que os concellos poderán aprobar axudas respecto a materias que aínda que non sexan competencias propias ou delegadas, estean motivadas cos feitos xustificativos do estado de alarma e teñan como prioridade limitar na medida do posible os efectos da crise provocada pola pande-

mia, sempre que non se poña en risco a sustentabilidade da facenda municipal. A contía destinada a atender a estas subvencións ascende a un importe total de 15.300 euros financiada mediante recursos do Plan Provincial Único de Cooperación para o ano 2021. O importe da subvención virá determinado polo número de solicitudes beneficiarias de mi-

croempresas e persoas traballadoras autónomas titulares de un negocio afectado cando acrediten unha baixada dos seus ingresos, cando menos do 30%, no ano 2020 comparado cos ingresos do ano 2019.

**PRAZO.** O modelo de solicitude normalizado para a obtención das axudas reguladas na presente convocatoria estará dispoñible na sede electrónica do concello de Triacastela <https://triacastela.sedelectronica.es> e nas oficinas municipais.

Así pois, as solicitudes, poderán presentarse no rexistro xeral do Concello de Triacastela no modelo normalizado ou ben por vía telemática a través da Sede Electrónica do Concello de Triacastela accesible a través do enlace <https://triacastela.sedelectronica.es>.

O prazo de presentación de solicitudes será de 1 mes a contar a partir do día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo (BOP), neste caso, a partir do día de hoxe.

## Continúan os traballos na estrada das Nogais



Obras no tramo da estrada autonómica

Invisten 120.300 euros na mellora da estrada de titularidade municipal que conecta os núcleos de Meizarán en Triacastela e Fillobal nas Nogais. Así pois, comprobouse no día de onte a marcha da actuación, executada ao abeiro do Plan de Infraestruturas Rurais (PIR) da Consellería do Medio Rural.

Desta maneira, explicouse que se está a renovar o firme nun tramo de 2,5 quilómetros de lonxitude cun ancho de 4,5 metros. Para iso, limpouse a superficie da calzada, que presen-

taba moito deterioro polo paso do tempo, para dotala dun novo pavimento a base de aglomerado en quente con rego de adherencia.

Está previsto que os traballos queden completados no día de hoxe e a continuación pintarase a nova sinalización horizontal. Tamén se repararán con pavimento de formigón as embocaduras de camiños adxacentes á vía, o que nalgúns casos implica a realización de obras para instalar tubaxes de saneamento soterradas.

## Realizan obras de mellora no Camiño de Santiago

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade está a traballar no reforzo da seguridade de dous puntos do Camiño de Santiago en Triacastela e A Fonsagrada, obras ás que destina un investimento de 27.200 euros.

Ambas actuacións forman parte dun plan posto en marcha no mes de xullo e que contempla ata 36 intervencións na provincia de Lugo para mellorar a seguridade en cruces e treitos das rutas xacobeas que conflúen con estradas autonómicas; conta cun orzamento global de 466.800 euros.

As obras en Triacastela realízanse no tramo do Camiño Francés que discorre paralelo a vía LU-637 en Fillobal. Os traballos inclúen a apertura dunha senda de 40 metros de lonxitude, o afirmado do chan e a instalación dunha barreira de seguridade e unha varanda -nas respectivas marxes- para protexer aos peóns.



Obras de mellora do Camiño en Triacastela

Ademais, vaise reforzar a sinalización.

Pola contra, na Fonsagrada paviméntase con pedra o tramo do Camiño Primitivo que desemboca na estrada LU-530, nun cruce en curva nas inmediacións do núcleo da Calzada. Instalarase unha barreira de seguridade e,

como no conxunto das actuacións, farase un esforzo especial na sinalización, con balizas verticais cilíndricas que enmarcan a saída do Camiño á vía, sinais que advirten da presenza de peóns, o panel que identifica o Camiño ou o pintado de bandas transversais de alerta.

# Cova Eirós continúa completando períodos históricos non rexistrados

Seguen as escavacións arqueolóxicas na cova, recoñecida no 2019 coma Ben de Interese Cultural e nomeada xacemento arqueolóxico

A cova Eirós de Triacastela, a través dos seus achados, continúa enchendo baleiros que existen en diferentes períodos históricos que non estaban rexistrados en xacementos en Galicia.

Desta maneira, dita cova acolleu no pasado mes de agosto a un grupo de investigadores da Universidade de Santiago de Compostela para realizar unha escavación arqueolóxica e continuar así coa investigación que existe nesta cavidade situada na parroquia de Cancelo, no Concello de Triacastela. Os traballos comezaron o 6 de agosto e remataron sobre o día 27, realizando en to-

delas. Estas atopáronse nunha gran sala onde están os paneis de arte rupestre documentados xunto con gravados nos que existe un amplo repertorio de liñas nas que destacan representacións figurativas e segmentos de animais, signos e paneis de liñas superpostas.

Por outra beira, segundo Lombera, outro punto importante é o feito de “ser un dos poucos xacementos que ten restos de ocupacións de dúas especies de dominios diferentes: os neandertais e os sapiens, que somos nós”. Así mesmo engade que “estes xacementos aportan moita informa-

zaron escavacións na cova de Cabras, situada a 20 metros da gruta mencionada anteriormente, xusto no propio camiño. Isto foi a causa da situación sanitaria da covid e para poder manter a distancia interpersoal e evitar contaxios. En canto á cova, trátase dunha cova máis pequena na que se realizaron traballos para ver se alí había algún tipo de resto ou evidencia de ocupación e completar así o que se atopou na secuencia da cova Eirós.

Desta maneira e segundo o doutor en historia pola USC Arturo de Lombera, o que se atopou foi unha cova moi pequena polo que, os grupos humanos do paleolítico que habitaban neses territorios facían na cova Eirós, que conta cunha entrada moito máis ampla e que “ofrece unhas condicións de habitabilidade moito mellores que na cova de Cabras”. Por iso, cova Eirós é a que preferentemente estaba ocupada.

No que se atopou na entrada de Cabras, segundo Lombera, foi que durante a época medieval este espazo se empregaba para gardar o gando: “atopamos restos de pequenos ovicaprinos, de ovellas ou de cabras e de restos de cerámica fragmentada que nos sitúan en momentos da idade medieval e que son paralelos os que tamén temos rexistrados en cova Eirós. É dicir, xogaba un papel complementario durante a época medieval coma lugar onde gardar o gando. De feito, tamén tiña esa utilidade fai 30 ou 40 anos cando había ovellas e cabras no pobo de Cancelo, por iso recibe o seu nome, porque gardaba as cabras”.

Así mesmo, na cova de Cabras tamén se fixo unha cata no interior onde apareceron restos de idade máis antiga en superficie, “polo que empezamos a escavar”. Nela atopáronse restos de épocas máis recentes -concretamente de época romana- bastantes singulares. Sen embargo, Lombera sinala que aínda queda por escavar e profundar nos sedimentos máis antigos “que son os que a nós nos interesan”. Ademais, engaden que seguramente cova de Cabras non teña ocupacións humanas, sen embargo, é moi posible que teña evidencias de animais que puideron vivir alí e empregala. En canto a futuros traballos, deféndese que en cova de Eirós sempre se escava xa que é a se-



cuencia principal da escavación. “Agora estamos a escavar o que é o nivel 4, que se corresponde cos restos dun campamento de neandertais de hai uns 45.000 anos”.

**POSIBLES ESCAVACIÓNS PRÓXIMAS.** Dende o equipo de investigadores da USC comunican que se realizaron colaboracións con grupos de espeólogos que traballaron na zona na época dos 70, xunto co grupo Ártabros entre outros, co obxectivo de complementar as ocupacións que se ven en Eirós e a forma que existía de ocupar este territorio na prehistoria. Unha labor que se realiza en paralelo á principal pero que aínda non se sabe ata que non se

poida escavar.

Para isto, realizáronse prospeccións por outras cavidades que hai tanto na zona de Cancelo, -no macizo de Monte Penedo onde se atoparon ata 13 bocas diferentes do entorno entre as que se atopaba a cova de Cabras-, coma na zona de Samos, de Triacastela e do Incio, “co fin de localizar covas que reúnan unhas condicións de habitabilidade boas que permitiran que os grupos humanos se asentaran, que os animais os usaran tamén como lugar de hibernación ou cubil pero, sobre todo, que teñan unhas condicións de preservación do rexistro que permita que poidamos recuperar eses restos”.



tal tres semanas de labores.

A escavación na cova Eirós comezou no ano 2008 e, dende daquelas, fixéronse diferentes campañas -sobre 13 ou 14- nas que se puideron descubrir numerosos achados relevantes para a historia de Galicia. Nesta última, participaron entre 10 e 12 persoas e adoitan ser un equipo estable que está a realizar traballos de grado e de master sobre cova Eirós. Ademais, tamén se conta con alumnos novos da USC xa que un dos obxectivos desta escavación é formar a alumnos de historia da arqueoloxía na metodoloxía de escavación arqueolóxica.

Así pois, en canto a Eirós, Arturo de Lombera responsable da escavación, destaca que esta cova ten, sobre todo, dous grandes puntos que lle dan o seu carácter relevante dende a perspectiva arqueolóxica. Un deles é o feito de que se descubriron pinturas rupestres de cronoloxía paleolítica, converténdose nas primeiras na comunidade xa que anteriormente non existía constancia

ción sobre a comparativa destas dúas especies; o estudo do seu comportamento, dos seus modos de vida e comprender un pouco o que chaman o comportamento humano moderno”.

A partir diso, existen moitos achados puntuais como son a cerámica cardial do neolítico antigo, do que tampouco existían evidencias no noroeste peninsular ou o descubrimento de restos de micromamíferos que se recuperaron durante o triado de sedimento. Estes ósos de pequenos vertebrados aportan moita información á hora de reconstruír o paleoambiente. Xunto a estes, existen outro tipo de achados que van enchendo baleiros na historia e nos períodos históricos que non estaban rexistrados en Galicia en xacementos. Por iso, este tipo de descubrimentos na cova Eirós axudan a comprender mellor e a completar as investigacións sobre a vida que existiu moito tempo atrás nesa zona en particular. Nestas tres semanas, ademais da cova Eirós, tamén se reali-



Distintos momentos da escavación de Triacastela

# “A experiencia en Latinoamérica fíxome medrar como artista”

**Xabier Vizcaíno é un artista nado no Incio que vén de sacar o seu último disco**

Xabier Vizcaíno sacou recentemente o seu último traballo: *Neno do Monte*, un libro-disco adicado ao rural galego. Ademais, comenta a inspiración dos outros discos e a experiencia que adquiriu viaxando polos distintos países de Latinoamérica.

## Cando empezou no mundo da música e por que?

No mundo da música empecei con 17 anos porque realmente sentía que me nacía dentro e que precisaba sacalo. Por iso, comecei nun grupo de Sarria que se chama Enigma, nas festas e verbenas. De feito, fun cofundador con outro músico sarriao e, a partir de aí, foi todo seguidiño, coma o pasodobre. Estiven uns anos nese grupo e despois xa viñeron máis cousas, polo que pasei a outro grupo que xa non era deste estilo de música. Aí foi onde comezou todo.

## Cal é o estilo que máis lle gusta?

Eu non son de estilos, eu respiro a música, a que me fai mover por dentro ou non. Dáme igual, escoito todo tipo de estilos e encántanme todos. A min pódeme ver escoitando a Bach, Mozart ou tamén a Eskorbuto. Non teño unha preferencia exacta, gústame todo tipo de música que estea ben feita e que me faga mover por dentro.

## Cales foron as súas influencias a nivel musical?

Moitísimas. Eu sempre escoitei moitísima música e moi variada, por iso non teño cores nin formas diso. Nestes momentos, si que é certo que todo é reggeaton e que me custa un chisquiño máis, sen embargo, tamén considero que existe reggeaton ben feito e que me move por dentro. O que me molesta da situación é que todo o que se escoita actualmente sexa iso. Eu considero que é un erro porque existe unha variedade musical increíble aquí en Galicia e en todo o mundo en xeral.

Para min, por exemplo, Chabuca Granda, Chavela Vargas e Víctor Jara, entre outros foron un punto de inflexión á hora de escribir cancións. Tamén, outro aspecto que influíu foi o feito de que me encante ler poesía. De feito, considero que a poesía galega que temos é tan marabillosa que o mundo aínda non o sabe. Sen embargo, non teño un patrón e considero que é unha convivencia entre todo iso.

## Xa sacou dous discos, que significa cada un deles para vostede?

Algo moi importante. Eu son unha

persoa que valora moito as cousas ben feitas e considero que os pequenos detalles son fundamentais, sobre todo, na música.

O primeiro disco significa moito porque foi o primeiro e porque veu a raíz dunha maqueta que eu fixen cando me fun 6 meses a Latinoamérica, cunha guitarra e cunha mochila a aprender e a recorrer mundo. A respirar vivencias novas.

## E o segundo?

O segundo porque a viaxe por toda Latinoamérica tróuxome cancións novas e ritmos diferentes. E o terceiro é moi especial para min e é o que ando presentando agora. Trátase dun libro-disco integramente en galego con textos e músicas adicados ao noso rural. É algo moi especial para min porque este último traballo empezou na miña casa xa que son historias e relatos que meus avós me contaban de cando eles eran nenos. Desta maneira, misturei eses cinco relatos con seis pezas que fun recollendo da miña autoría pero que, dalgunha outra maneira, me deu o monte.

## Como foi a experiencia en Latinoamérica?

Foi marabillosa. De feito, foi algo que me fixo medrar moitísimo como

tanto, foi unha maneira marabillosa de abrimme a mente e os ollos.

## Por que decidiu emprender esta viaxe?

Porque tiña moitas gañas de coñecer Latinoamérica. Eu son das persoas que pensa que os galegos sobre todo, temos moito que ver con esa cultura. De feito, eu teño moito máis que ver con calquera persoa de Latinoamérica ca cun francés ou un inglés. Nós somos latinos, temos o sangue quente e apetecíame moito coñecer esa cultura, tanto do norte coma do sur. Para min, tamén era importante para seguir crecendo como persoa e como músico e consideraba fundamental empaparme de esas culturas. Ao final, non ten nada que ver estar en Colombia ca en Bolivia, nin en Arxentina ou Brasil. É unha mistura marabillosa, unha riqueza cultural que xa quixera ao que lle chaman primeiro mundo.

## En canto aos discos, cal foi o que máis tempo lle levou realizar?

Dos que máis tempo me levou porque está feito cun especial agarimo é este último Neno de Monte. Sen embargo, este último ao ser libro foi máis complexo. Ao fin e ao cabo, eu escribo cancións e é algo que me encanta pero nunca me puxera a es-



Imaxes do cantante, arriba nun promocional, e abaixo, nun concerto

ser humano e tamén como artista, como músico. Foron seis meses moi intensos e fun por completo ao descoñecido. Funme cun billete de ida pero non levaba billete de volta. Aterreei en Bogotá, Colombia, e a raíz de aí paseime por todos os países de alí. Foi unha experiencia marabillosa onde coñecín persoas de todos os ámbitos e aspectos, tanto artisticamente coma do resto. Por exemplo, a xente do rural boliviano marcóme moito porque é unha cultura irmán á que temos pero á vez diferente. Por

cribir relatos ou prosa e non é o mesmo. Si que é certo que para min foi unha experiencia marabillosa e unha aprendizaxe brutal porque é iso, eu nunca o fixera. Por iso tivenme que aplicar e poñer 14 sentidos para poder levalo a cabo. Por outra beira, aínda que xa fixera cancións en galego anteriormente, facelo desta maneira non foi tan doado. O resultado desde logo que foi o que tiña en mente e a verdade é que con todo o esforzo que me levou, mereceu moito a pena.



## Poderíase quedar con algún disco en especial?

Iso é complexo. Non sei que é ter fillos pero fáiseme similar a cando lle preguntas a un pai ou nai cal é o fillo preferido. É difícil quedarse con un porque todos teñen cousas moi importantes e diferentes e non sabería dicir. Sempre digo que escollería o último porque é o que teño máis fresco, sen embargo, non podería

## Este último traballo son historias e relatos que meus avós me contaban de cando eles eran nenos

eleixir ningún en particular.

## Que é o que máis lle gusta da música?

Uf, esa é unha pregunta moi ampla. Non todo, porque coma en calquera outro oficio ten pros e contras. O que pasa é que a min faime sentir dun xeito moi especial subirme a un palco, cantar as miñas cancións e que alguén as escoite e lle faga sentir algo. Para min iso é moi importante e é algo marabillosa. Penso que iso é o máis máxico de toda esta profesión, que alguén cante as cancións que ti escribiches na soidade máis absoluta.

## Considera o mundo da música un mundo complicado?

Si, moi complexo e cada vez máis. De feito, deste tema poderíase falar toda a tarde. É complexo porque non é só escribir cancións, subir a un escenario, cantar e sentar con outros músicos para desfrutar dunha interpretación. Abarca moitísimas máis cousas. Actualmente, fanse bromas nos programas de televisión porque consideran que en 3 meses se fai un artista. Dicía Serrat: “a min levoume 40 anos, hai xente que o logra en 3 meses”. Entón, partimos desa base e facer unha carreira musical de fondo coma eu a entendo, leva moitísimos anos. Ser artista non se fai nun ano, nin en dous, nin en dez. Eu considero que é un proceso lóxico que leva moitísimos anos e é un continuo aprendizaxe.

## Hoxe en día parece que a música é de usar e tirar, non?

Si, nos momentos que vivimos agora musicalmente e sobre todo as multinacionais e redes sociais, empregan material de usar e tirar continuamente polo que, cando unha canción non chega ao estribillo aos 20 segundos, xa tiran con ela e iso é algo que contaxiou a xente. Por iso, cada vez é máis complexo contar algo nunha canción e, sobre todo, que a xente a escoite. Considero que estamos nunha era, ademais de dixital, tremendamente volátil e extremadamente rápida. E creo que se pasan por alto moitos factores que para min son básicos e importantes na música.

Outra cuestión que considero relevante e que é un problema, aínda que pareza algo pedante pola miña parte, é que se está a fastidiar o oficio da música. Eu gaño a vida co meu oficio, coa música, polo que iso é o meu traballo. Pago impostos coas miñas cancións e coa miña maneira de facer música. Por iso, non tería sentido que eu traballando disto, nos días soltos, por exemplo, decidira ser fontaneiro e ir amañando avarías por aí. Eu non estou dado de alta niso e podo facer o traballo máis barato aínda que sexa dunha maneira menos profesional. Sería algo que moralmente non sería correcto. O mesmo pasa coa música e eu considero que é un problema para o oficio. Que se sigan vendo este tipo de cuestións é complicado e é un problema para a música.

## Cal foi o concerto máis especial que fixo?

Fixen varios especiais pero quedome quizais coa primeira vez que toquei no Incio, cando presentei o meu segundo traballo, Diáspora. Foi un momento especial porque tamén estaba toda a banda e era a primeira vez que tocaba no Incio e, ao ser de alí, ten un algo especial.

## Tes algún lugar no que lle gustaría actuar que non o fixera?

Moitísimos, non teño un sitio en particular pero sempre me prestaría actuar no teatro Colón da Coruña ou no Mar de Vigo. Sen embargo, hai moitos realmente.



## A CHMS permite a navegabilidade polo embalse de Vilasouto

O Concello do Incio vén de lograr a navegabilidade do embalse de Vilasouto, cuxa petición presentou formalmente no verán do ano 2019 á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil.

O alcalde, Héctor Corujo, considera que “é un día moi importante para o noso Concello polas posibilidades que se abren a partir de agora no embalse, sobre todo pensando no tempo de lecer e no seu aproveitamento para o turismo ou deportivo”. Tanto é así, explica, que o Goberno local xa prepara algunha actividade no embalse para celebrar, en canto sexa posible, que a petición fora adiante.

Na súa resolución con data do 6 de setembro, a CHMS explica que “as actividades de navegación e/ou flotación que se poidan desenvolver no encoro de Vilasouto non se consideran susceptibles de xerar afección na calidade da auga que implique unha deterioración nos resultados da avaliación do estado químico e do potencial ecolóxico da masa de auga, sempre que: se realicen en embarcacións a veta e/ou remo, pero excluíndo o uso



Unha vista do embalse de Vilasouto

de motor”.

O escrito aclara que se permite unicamente a navegación a vela e a remo debido a que nesta presa sitúase a toma para o abastecemento ao termo municipal de Bóveda. Así mesmo, ao ser unha presa vinculada tamén cun aproveitamento de rega puidese darse o caso que en determinadas épocas do ano non calase suficiente para o seu exercicio ou ben o acceso para o exercicio

para a navegación ou flotación sexa difícil ou imposible.

Tamén se precisa que non se poderá exercer a navegación e/ou flotación nos perímetros balizados respecto diso, así como dentro da zona onde se pode exercer a navegación e/ou flotación deberá ter especial coidado cos esqueletos de árbores que non se tallaron antes do enchido e que afloran durante os períodos no que a cota está baixa.

## O Incio oferta un servizo de madrugadores



O Concello do Incio, en colaboración co CEIP Ricardo Gasset, oferta neste novo curso escolar 2021-2022 un servizo de madrugadores para os nenos e nenas escolarizados no centro. É unha proposta pensada para axudar na conciliación familiar para aqueles pais e nais que queiran deixar aos seus fillos e fillas, antes do inicio da xornada lectiva.

O servizo, de carácter gratuito, comeza ás 8 horas da mañá e esténdese ata as 10 horas, momento no que comezan as clases. Durante estas dúas horas os nenos e nenas están acom-

pañados dunha coidadora que se ocupa de vixialos.

O servizo préstase no salón de actos do centro, o que permite cumprir con todas as medidas sanitarias en vigor. Así mesmo, na sala teñen diversos xogos e material para poder entreterse.

Por esta razón, dende o Goberno local anímase aos pais e nais a interesarse polo servizo de madrugadores a través do Concello ou no propio CEIP Ricardo Gasset, onde poden formalizar a súa inscrición. Ademais, hai que lembrar que o servizo xa se atopa operativo.

samos

## Correos instala un caixeiro automático

Samos recibiu a aposta conxunta do Executivo e da empresa pública Correos para ofrecer no rural servizos financeiros e administrativos no camiño hacia a cohesión territorial e na loita contra o reto demográfico.

José Miñones, delegado do Goberno en Galicia, escenificou en Samos o compromiso do Goberno pola dinamización do rural galego de forma que a súa poboación dispoña das mesmas condicións que a de áreas urbanas para desenvolver o seus proxectos vital e laboral. Este traballo permite avanzar na cohesión territorial e social, un dos eixes prioritarios do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e se alia co Plan de 130 Medidas contra o Reto Demográfico.

En Samos, José Miñones coñeceu dúas das actuacións incluídas na colaboración entre Goberno e Correos. En concreto, a instalación de caixeiros automáticos e os servizos que ofrecen os carteiros rurais.

Xunto co alcalde de Samos, Julio

Gallego; a subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, e o xerente de Produtos e Servizos de Correos, Xosé Chorén, achegouse á oficina postal da localidade, onde se acaba de instalar un dos tres primeiros caixeiros que Correos colocou en Galicia, en Samos, Barbantes (Cenlle) e Cortegada e que estarán en funcionamento nos próximos días: “O obxectivo de Correos é estender esta iniciativa a moitos máis. Ata 80 caixeiros en toda a Comunidade para loitar contra a exclusión financeira que está ameazando a tantas localidades do rural”, apuntou José Miñones.

Na oficina de Samos tamén funcionan os carteiros rurais. Grazas a este servizo, o persoal de Correos facilita á poboación do rural o envío de paquetes, a xestión de recibos e a presentación de escritos sen necesidade de que teñan que acudir a unha oficina bancaria ou a un rexistro. José Miñones lembrou que esta iniciativa experimentouse en Lugo e Xaén e agora estase extendendo ao resto de



Visita do delegado do Goberno a Samos

Galicia: “Neste proceso, Correos fixo entrega esta semana de 1.534 PDAs ao seu plantel de reparto en Galicia, 93 na provincia de Lugo”, engadiu.

No encontro, o delegado do Goberno mantivo unha reunión co alcalde de Samos para analizar outras medidas que está a poñer en marcha o Executivo ante o reto demográfico.

Unha delas é o camiño hacia a eficiencia enerxética. Neste ámbito, o Concello de Samos participa das axudas do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico para proxectos de mellora enerxética. En concreto, beneficiouse de dúas axudas para a mellora da iluminación pública por importe de 600.000 euros.

## Os cartos do Plan Único irán para as feiras, o SAF e varias obras en vias

A Deputación provincial de Lugo achega 281.445 euros este ano ao concello de Samos a través do Plan Único. O 56% do orzamento, máis de 158.000 euros, están destinados a obras como a mellora de pavimentacións en distintos núcleos urbanos ou construción dun muro de mampostería e a reconstrución da soleira de formigón na praza de Vigo do Real. O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) conta cunha achega de 14.320 euros e o fomento do emprego beneficiarase con case 90.000 euros.

Tanto a Feira do Turismo e do Peregrino como a Feira da Artesanía e os Produtos Naturais reciben unha axuda anual de 14.000 euros. Doutra banda, a administración electrónica supera os 4.600 euros de orzamento total e as actividades culturais, para a impresión dun libro, conta cunha achega engadida de 1.500 euros.

## Reciben unha axuda de reserva da biosfera



O Concello do Páramo recibirá unha axuda como apoio nas tarefas de conservación, recuperación e rehabilitación do patrimonio natural e cultural e á sensibilización ecolóxica na súa reserva da biosfera Terras do Miño.

O Diario Oficial de Galicia publicou a resolución cos resultados da terceira convocatoria deste programa de axudas, a de 2021, que no conxunto das seis reservas declaradas na Comunidade se resume na concesión de 27 axudas a outros tantos concellos, por un importe

de case 600.000 euros.

Un total de 13 deses municipios teñen parte do seu territorio nunha das tres reservas da biosfera lucenses e beneficiaranse dunha subvención para enriquecer as condicións medioambientais e paisaxísticas

Un total de seis dos municipios que conforman a reserva Terras do Miño recibirán outras tantas subvencións, cun importe global de 125.127 euros. Dentro desta axuda, O Páramo recibirá 12.320,84 euros para a ruta da torre medieval da Barreira.

## Licitadas as obras de mellora de varias estradas na zona rural

A Deputación de Lugo vén de licitar obras de mellora en cinco estradas de titularidade provincial ao seu paso polo concello do Páramo. Estes traballos contan cun investimento de preto de medio millón de euros e permitirán acondicionar algo máis de 14 quilómetros de vías neste municipio da comarca de Sarria mellorando as comunicacións, a seguridade e a comodidade dos veciños e veciñas.

A LU-P-4304, que conecta O Páramo coa Pobra de San Xiao, terá un investimento de máis de 367.000 euros. Nesta vía levarase a cabo o acondicionamento de máis de 200 metros do punto quilométrico 5,200 ao 5,435- e outro de máis de 1 quilómetro no antigo tramo da LU-P-2904, que conecta o concello con Conturiz. Estes traballos teñen un prazo de execución de 6 meses.

Así mesmo, tamén se licitaron conxuntamente as obras de mellora en 13 quilómetros noutras tres estradas paramesas cun investimento de 122.851 euros. Na vía que une Pacios e Treballe, a LU-P-4203, levarase a cabo a rehabilitación de máis de 6 quilómetros da vía, dende o punto quilométrico 8,020 ao 14,088.



Unha das estradas nas que se actuou

Trátase dunha estrada que dá servizo ás parroquias de Friolfe e A Torre, ademais de ser un punto de unión co concello de Paradela.

Tamén se licitaron traballos na LU-P-4305, que conecta O Páramo coa parroquia de Moscán, para rexenar preto de 1,5 quilómetros, dende o seu inicio ao punto quilométrico 1,426. Mentres que na LU-P-4306, de Santo André da Ribeira, as obras de mellora executaranse nos primeiros 5,6 quilómetros de vía. O prazo para acometer estes traballos nestas

3 estradas provinciais do Páramo será de 4 meses.

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, recordou que "mellorar a mobilidade é unha das prioridades neste mandato e tamén o meu compromiso, porque unhas estradas en boas condicións son necesarias para favorecer a igualdade de oportunidades e o reequilibrio territorial". Os orzamentos provinciais aumentaron nun 14% o investimento para esta finalidade, ata acadar os 16 millóns de euros, nesta anualidade.

## Fin de obra na ponte de Valdriz

As obras da nova ponte de Valdriz en Láncara xa remataron. Así mesmo, as actuacións tamén implicaron a construción dunha rotonda para xestionar a circulación da LU-621 e a creación dunha senda peonil e ciclista desde o último tramo de beirarrúas da Pobra de San Xiao ata a nova rotonda de acceso a Valdriz.

Estas obras supoñen unha importante mellora para Láncara e cumpriron co prazo anunciado para o remate dunhas actuacións nas que se investiron 870.000 euros, tendo en conta o investimento necesario no retranqueo e soterramento da liña de evacuación hidroeléctrica de Valdriz, como paso previo necesario para a ampliación da ponte.

Ademais, lembrouse que a intervención nesta infraestrutura foi a obra máis complexa de todo este proxecto, que permitiu a ampliación da ponte, pasando dos 6 metros de ancho aos 10,5 metros, e que tamén precisou de importantes traballos de movementos de



A ponte de Valdriz, unha vez rematadas as obras

terras e de microvoaduras controladas en todo o trazado.

Todos estes traballos precisaron da escavación de máis de 15.000 metros cúbicos e do emprego de máis de 1.000 toneladas de mestura asfáltica, o que dá unha idea da envergadura da actuación.

Desta maneira, destacou que a obra na ponte redundará nunha maior seguridade para o tráfico rodado nun cruzamento bastante perigoso. De feito, na execución

destes traballos levouse a cabo unha pequena rectificación do trazado para que a entrada á ponte sexa desde agora máis segura. Xunto á ampliación da ponte, a intervención global implicou a construción dunha rotonda para mellorar o tráfico no contorno da urbanización de Valdriz, ademais dunha senda de preto de medio quilómetro que discorre pola marxe esquerda entre este punto e o inicio das beirarrúas da Pobra de San Xiao.

## Farán unhas xornadas sobre aproveitamento medicinal na horta

A Federación de asociacións de mulleres del mundo rural -CERES- e a Asociación de labregas organizan, coa colaboración do Sindicato labrego galego e a Asociación cultural Val de Láncara, un obradoiro sobre transformación e elaboracións con plantas medicinais. Aproveitamento medicinal na horta.

As xornadas levaranse a cabo no antigo colexio de Láncara e serán o 21, 23, 28 e 30 de setembro e o 8 de outubro de 16 a 20 horas. Este é un plan dirixido e financiado ao 100% a mulleres laboralmente activas -empregadas, autónomas e demandantes de emprego; excluído o persoal das administracións públicas. Para máis información e ins-



cricións pódese contactar no número de teléfono 691 17 56 50 ou no 982 231 154 ou no enderezo electrónico lugo@sindicatolabrego.gal

## “Barallamos a idea de instalar un punto de recarga de vehículos eléctricos”

Óscar Mato é o administrador actual de Gasóleos Ruxidoira

### Cando e como nace a empresa?

A empresa nace nun primeiro momento no ano 1994 coa denominación Estación de Servicio Ruxidoira, a entidade estaba formada por tres socios e as súas familias: José Manuel Mato Díaz que foi o impulsor do proxecto, Modesto Vázquez e Eloi López. Posteriormente xa nos anos 2000 os socios constituíron outra empresa orientada o reparto de gasóleo a domicilio: Gasóleos Ruxidoira. Fai un ano a sociedade quedou en mans de José Manuel Mato e da dona de Modesto (que faleceu) e o seu fillo Roberto. A empresa naceu pola necesidade de ofertar un servizo moi necesario ós veciños e veciñas do concello de Paradela así coma ós concellos limítrofes xa que daquela a estación máis próxima estaba a 15 quilómetros, en Sarria. En total, na actualidade, as dúas empresas dan traballo a 7 persoas, das cales cinco son do concello de Paradela e as outras dúas son de Sarria.

### Cales son os centros que ten a

### sociedade? Dende un momento inicial apostaron por esta ubicación?

Os centros de explotación atópanse en Paradela, a estación de servizo está na entrada da capitalidade de Paradela, na estrada de Becerreá- Ventas de Narón. O gasocentro está a un quilómetro da estación de servizo.

### Que servizos ofertan?

En primeiro lugar, os servizos da a E.S. Ruxidoira son os propios de gasoleira, conta con servizo atendido dende as 08:00 ata as 23:00, tamén ten un práctico servizo de autolavado de vehículos e unha tenda con produtos de alimentación, snacks, bebidas, accesorios para vehículos, lubricantes, etc... Gasóleos Ruxidoira oferta servizo de reparto de gasóleos a domicilio tanto de automoción, como agrícola, así como de calefacción.

### Cal é a zona xeográfica que abarcan para a distribución a domicilio?

Abarcamos unha zona moi im-

portante da Comarca de Sarria, pero tamén repartimos en Monforte, O Saviñao, Taboada, Escarín, Portomarín e Lugo Capital.

### Os seus clientes poden ser tanto particulares coma profesionais, que vantaxes ofrecen fronte á competencia?

Efectivamente, subministramos tanto a particulares como a profesionais. O servizo préstase na maior brevidade posible, en 24/48h. Tentamos ser moi coidadosos co combustible que entra nas nosas instalacións. Por exemplo, a Estación de Servizo está abandeirada por Galp polo cal todo o combustible da estación é prestado por Galp. No que respecta a distribución a domicilio o 80% é subministrado por Cepsa e o restante 20% entre operadores de recoñecido prestixio tamén, como Galp ou BP. Para o reparto a domicilio contamos con tres camiións de reparto.

### No servizo a domicilio, cal é a cantidade mínima para facer o pedido?



Óscar Mato, administrador de Gasóleos Ruxidoira, ante un dos camiións

A cantidade mínima para o servizo a domicilio é de 250 litros. En función da cantidade demandada, como é obvio, os prezos varían.

### Durante a pandemia, e sobre todo, durante o confinamento, notaron unha baixada significativa da demanda?

Déronse dúas situacións totalmente contrarias, os meses de confinamento a venda da estación de servizo tivo unha baixada do 80/90% con respecto o ano anterior, aínda que podíamos reducir o horario de apertura, decidimos manter o horario habitual para dar servizo as persoas que tiveran que desprazarse. Na outra parte, a relativa á distribución, a pandemia afectou

en moita menor medida xa que a xente para a calefacción e as tarefas agrícolas dos nosos gandeiros tiñan que seguir efectuándose de maneira normal. A súa vez, durante esta etapa o prezo do combustible estivo realmente baixo polo que nalgunhas ocasións produciuse un aprovisionamento superior o normal.

### Cales son os plans de futuro de Gasóleos Ruxidoira?

Estamos barallando a posibilidade de instalar un punto de recarga para vehículos eléctricos, pero de momento tamén existe unha incerteza por ver cara onde van os tiros no relativo a mobilidade futura, a día de hoxe o punto de recarga é unha gran inversión sen retorno.

## Nova edición do certame literario Manuel-Oreste Rodríguez

O Concello aprobou as bases da XXVII Edición do Certame Literario Manuel-Oreste Rodríguez López, que ten como obxectivo potenciar a creación literaria. Como o ano pasado, haberá tres modalidades: narrativa, poesía e Camiño de Santiago. O prazo de entrega das obras iniciase o día 1 de outubro de 2021 e rematará o 30 de novembro de 2021. As obras poderanse entregar de dúas maneiras diferentes: mediante correo electrónico á conta oix.paradela@eidolocal.es -onde se mandarán dous arquivos en formato PDF- ou por correo onde se enviará un único exemplar, sen sinatura e ao enderezo do Concello de Paradela. Na modalidade de narrativa, os relatos terán unha extensión máxima de vinte folios -sen mínimo- e deberán ser entregadas a ordenador ou mecanografadas e a dobre espazo. En canto a poesía, terán unha extensión máxima de 100 versos. En ambas categorías, deberán ser orixinais, inéditos, non premiados en calquera outro tipo de concurso e estar escritos

en galego ou en castelán, debendo estar rematadas con carácter previo á convocatoria. Finalmente, a modalidade Especial Camiño de Santiago, contará cos mesmos requisitos sinalados nos párrafos anteriores. O paso do Camiño Francés por Paradela e a celebración no Ano 2022 do Ano Xacobeo, continúa nesta Edición a modalidade relativa ao Camiño de Santiago, en especial referida ao Camiño Francés ao seu paso por Paradela. Nesta modalidade concorrerán de xeito conxunto tanto as obras de narrativa coma as de poesía. En canto aos premios, a modalidade de narrativa e de poesía terán cada unha un primeiro premio de mil euros e un segundo de cincocentos euros. En canto á modalidade especial Camiño de Santiago tan só contará cun primeiro premio de mil euros. Así mesmo, o xurado reservase a facultade de conceder dous accésits de douscentos cincuenta euros en cada categoría, asemade pode-

rá conceder ata dúas mencións de honra como máximo, de douscentos cincuenta euros en cada categoría. O autor ou autores premiados convocarase ao acto de entrega de premios, o día que estableza o xurado. O xurado designado polo Concello de Paradela emitirá o seu fallo no mes de maio de 2022 e farase público nas páxinas web do concello [www.paradela.es](http://www.paradela.es) e [www.concelloparadela.es](http://www.concelloparadela.es); comunicándose persoalmente aos gañadores. Así mesmo, para máis información ou para calquera dúbida pódese consultar a sede electrónica do Concello de Paradela.

**ESPECTÁCULO.** Tarabela Creativa chega ao Páramo co espectáculo *Astrolabios*, unha sesión de contos para público familiar a partir de 5 anos. A actuación é de unha hora de duración e celebrárase ás 12 horas o vindeiro venres 17 de setembro. Desta maneira, o espectáculo farase no campo da feira e levaranse a cabo todas as medidas sanitarias correspondentes.

## Adxudicadas as obras de acondicionamento do viveiro de empresas



O Concello firmou o contrato de adxudicación do inicio das obras de acondicionamento, reforma, equipamento e interior da nave municipal para viveiro de empresas, por un importe de 280.962 euros. Así pois, a empresa adxudicataria é García y Sánchez de Melide S.L., elexida despois de que o anuncio da obra salira a licitación no pasado mes de xullo e de entregar a documentación corres-

pondente. Ademais, a empresa contará cun prazo de execución das obras de 75 días unha vez iniciados os traballos. O obxecto desta obra é crear espazos funcionais que conten con moita superficie diáfana e dispoñan de recepción, vestiarios e aseos, entre outros servizos, para ofertalos a novas firmas que dean os seus primeiros pasos neste polígono.

# COLABORACIÓNS

## Por se acaso

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

**A** costumámonos a ter algo antes de saber sequera que tiñamos ganas del. O meu admirado A., avogado de profesión díxome o seguinte en canto lle falei disto: “A min antes a xente pedíame por favor as cousas de hoxe para mañá, agora esíxennme hoxe, algo para onte.” Sen anestesia. Crémonos merecedores dunhs privilexios, que non dereitos, que non nos corresponden. Un dereito é recibir educación, un privilexio é sacar o carnet de conducir con dezaioito anos e ter un coche

agardando no garaxe. E non me confundo se digo que agora vai o carro antes dos bois, e en numerosas ocasións, o coche precede ao exame aprobado. Non versa isto sobre a crítica puntual a este feito, posto que tamén haberá casos de xustificada necesidade de coche a unha idade temperá. Falo do despotismo, non ilustrado, predominante nas xeracións coetáneas. No deplorado que está o concepto do sacrificio e no pouco valor que se lle outorga á constancia.

Un ano máis tarde, coido que nos confundimos priorizando, saír de festa non é un dereito, é un privilexio. E traballar para poder saír de festa debera ser unha necesidade. A modo de aclaración, entendendo por traballo o froito do

esforzo. Se tivese que saltar agora mesmo ao céspede iría co equipo de “desta non saímos máis fortes, nin máis unidos. Saímos máis egoístas e infinitamente máis parvos”. Mal que me pese. Pero coma Jabois, eu a verdade tampouco sei moi ben o que está ben e o que está mal, e é parte das miñas non vacacións discernilo. O que me gusta é ver que queda xente agradecida, persoas que non actúan coma se lles debes algo. Creo firmemente no poder de cambio que ten a vontade de axudar. Nas pícaras que agradecen ás familias a oportunidade de vir á Academia, nos seus sorrisos tímidos porque saben que poden contar conmigo. Nos, “sinto molestarte”, que preceden a algunha mensaxe a deshora.

Porque ese si é froito do traballo. Porque parte importante de que agora sexa Matemática, son os máis de dez anos que leva lle erguéndose antes co Sol. E todas as comodidades coas que contamos agora, coido de vital importancia ensinarlle a valoralas aos máis pequenos. Porque para chegar á casa e prender a chave da calefacción, costoulle ás avoas milleiras de carozas para acender a lareira.

Non sei por cal dos grupos dalgunha coñecida rede social pasaron unha imaxe que di o seguinte: Os empregados xogan ao fútbol. As xerentes ao tenis. E as xefas, ao golf. Canto máis arriba, máis pequenas son as pelotas. Obviando o contido machista, que xa de por sí viñan todas as profesións

en masculino, pero ides a permitirme a adaptación, para mandar, a unha faille falta xenio e carraxe. E saber de onde vén. Telos pés no chan, e non esquecer o valor do traballo, senón o propio, de todos cantos axudaron a posicionarte nunha escada superior. Échese-nos a boca describindo os éxitos e vánsenos os ollos a esa historia tan idílica de Instagram, sen decatarnos de que para espertar en Ibiza, houbo que erguerse moitas veces en Rábade.

Descoñezo se segue a pintada no polígono de Cuiña que dicía: Se tupen los oídos a medida que se ascende a lo más alto. Por lela todas as mañás antes do instituto, agora acudo anualmente ao otorrino. Non vaia ser.

## Maridaxe sonora

CULTURA E MÚSICA



Rebeca Maseda

**S**etembro, mes de vendima, o verán comeza a despedirse e o outono asoma timidamente coas súas cores máxicas. Castaño, verde, amarelo, un desfile digno de admirar. Vale a pena tomarse o tempo de sentar, disfrutar dunha copa de viño que che guste e deleitarse cunha boa vista mentres escoitas música. Ritual, experiencia completa de pracer ao alcance da maioría.

Música e viño forman unha parella perfecta, unha sinerxía chea de elementos compartidos. Oído, olfacto e gusto funcionando xuntos como unha máquina ben engraxada. Ata hai estudos que falan de sinestesia, de “maridaxe sonora”. ¿Quén non acompañou nalgunha ocasión a degustación dun bo viño co seu disco favorito ou sinxelamente, quén non lembra a banda sonora deses momentos especiais acompañados dalgunha que outra copióna de viño? Todo isto correspóndese coa teoría cognitiva que establece que a música estimula áreas específicas do cerebro. Somos “seres asociados” e encántanos ligar melodías con instantes máxicos e fusionalos con outras percepcións. Entón, ¿por qué non facelo co viño? O psicólogo e pro-

fesor Adrian North da Universidade “Heriot Watt” de Edimburgo lidera un informe no que afirma que existe unha música para cada tipo de viño. Segundo os sons que se escoiten no momento da cata, cambiará dun xeito ou doutro o sabor e a nosa percepción do viño. Unha das investigacións realizadas para o estudo desenvolveuse nos supermercados, demostrando que as persoas son cinco veces máis proclives a comprar viño francés se se utiliza música ambiental de acordeóns. Quén sabe se escoitando o son dunha gaita o noso cerebro se decantaría máis por unha copa de mención en vez de rioja...

Chegados a este punto, gustaríame compartir a miña propia “maridaxe musical” e invítovos a que cada un explore nas súas lembranzas sonoras esa canción, esa música que fai que o noso cerebro se active e chore de ledicia. Aquí vai o meu “cadro sonoro vinícola”: Un solpor na Praia de Altar en Barreiros, a Ría de Foz á esquerda e a costa cantábrica cos seus acantilados e praias sen fin á dereita. De fronte o sol vai escapando detrás do Illote deixando unha luz tenue a piques de esmorecer. É o momento perfecto para tomar unha copa de godello acompañada de bossa nova. A voz de Astrud Evangelina Weinert, máis coñecida como Astrud Gilberto, é un bálsamo de paz e



beleza. Cando ela canta a “Garota de Ipanema” o tempo discorre máis preguiceiro e maino, ata as gaivotas parecen relaxarse. Claramente debe tratarse dun efecto secundario da bossa nova, xénero musical de orixe brasileira xurrido nos barrios de Río de Xaneiro a mediados do século XX. Nomes

como Antonio Carlos Jobim, Vinícius de Moraes ou Toquinho forman parte da historia da bossa xunto á miña queridísima Astrud. Viño e arte sempre camiñaron da man e, de feito, existen infinidade de obras artísticas que dan boa conta diso e sitúan, dun xeito ou doutro, ao viño no centro. O certo

é que a historia do viño remóntase entre 4.000 e 6.000 anos a. C. Segundo testemuños literarios e diversos materiais arqueolóxicos, Mesopotamia podería ser o berce do prezado zume de uva e o seu consumo estaba reservado aos círculos aristocráticos. É en Exipto onde atopamos as primeiras representacións que fan referencia ao viño, concretamente nos frescos das cámaras funerarias de Luxor e Sagqarah, nos que se pode apreciar de primeira man a importancia que os antigos exipcios outorgaban á viticultura.

“Os pobos do Mediterráneo empezaron a emerxer do barbarismo cando aprenderon a cultivar oliveiras e vides”. Esta cita do historiador grego Tucídides pon de manifesto a enorme importancia da viticultura no desenvolvemento económico-social de todas as rexións mediterráneas. A mitoloxía clásica narra que foi o deus Dioniso quen regalou aos homes as primeiras vides. Un dos exemplos máis representativos é o de “Hermes co neno Dioniso”, unha escultura grega de mármore atribuída ao escultor Praxiteles, do período clásico final.

Tiziano, Caravaggio, Velázquez, Rubens e un longo etcétera de grandes pintores retrataron a Baco, deus romano do viño, outorgándolle un lugar privilexiado no mundo artístico e na historia da humanidade.

## DEPORTES

# Retorno do fútbol post-covid

Tras un ano a medio gas, esta tempada volverá a competición futbolística, con normas para manter a seguridade sanitaria

A irrupción do virus provocou o pasado mes de marzo de 2020 a suspensión da Liga en todas as súas categorías. Aínda que se lle deu unha saída pechando a tempada cos resultados ata a data, xa que en moitos casos faltaban poucas xornadas por disputarse, quedou unha espiña cravada en moitos equipos, con opcións e que quedaron ás portas de ascensos.

O pasado ano, tras moitos tiras e afrouxas celebrouse unha competición moi limitada e escueta. O fútbol profesional e as categorías nacionais tiveron unha competición similar á de anos anteriores, aínda que tiveron que reaxustar calendarios para limitar desprazamentos.

Nas categorías autonómicas e provinciais o seu comezo tivo que aprazarse en varias ocasións a medida que os distintos gromos temporais provocaban un crecemento de casos no territorio. Ao final, houbo que esperar ata febreiro para dar comezo a unha liga que se centrou en poucas xornadas pero que finalmente se solventou cun novo deseño de competición en case todas as categorías, dividindo os grupos habituais en subgrupos. Aínda así, o fútbol de base fixo unha mini tempada que soubo a pouco aos xogadores pero que deu algo de normalidade á vida deportiva. Onde houbo algo de polémica foi nas categorías de sénior por debaixo de Preferente, as de fútbol afeccionado. Unha gran parte dos equipos non quixeron xogar debido á situación de risco polo que moitos se plantaron ante a Federación para renunciar á competición, a risco de que iso lles implicase un descenso de categoría.

Finalmente, e debido a que moi

poucos equipos estaban dispostos a xogar, anuláronse a Primeira, Segunda e Terceira Autonómica (que esta ano levarán o nome de Primeira, Segunda e Terceira Galicia). Os mesmos equipos que se plantaron o ano pasado este están dispostos a competir alegando que as "condicións sanitarias melloraron moito" debido á xeralización da vacinación.

**A NOVA TEMPADA.** A nova tempada terá modificacións sobre o habitual xa que estar divididos en subgrupos parece a mellor opción para solucionar dúas cuestións fundamentais, reducir os desprazamentos e o contacto entre equipos. Deste modo, hai unha primeira fase en cada subgrupo e despois os campións enfróntanse polo título e o resto por evitar o descenso. Precisamente o descenso será un dos grandes pesadelos desta tempada. Se nas anteriores quedaron suspendidos ao no poder facer unha competición normal, este ano, volverán estar vixentes para volver a equilibrar as competicións. Outra das normas que estarán vixentes será que non haberá cobertura de vacantes por non inscricións de equipos. O motivo desta modificación é o elevado número de equipos nas divisións que reciben ascensos debido a que nas últimas tempadas non se produciron descensos.

**FÚTBOL BASE.** Todo está listo xa para o comezo do fútbol base nas categorías autonómicas. Os equipos, que xa están inscritos, competiron a pasada tempada, malia que só o fixeron durante tres meses. Este ano volverán ter

subgrupos e a súa data de comezo oscilará entre a última fin de semana de setembro e a primeira de outubro.

Así en xuvenís participarán este ano, Viveiro, Ribadeo, Polvorín e Residencia no Norte e Calasancio no Sur. O Vilalbés de Liga Galega decidiu non competir este ano nesta categoría e dentro dos coruñeses estará o As Pontes. En cadete tamén estarán Viveiro, Ribadeo e Residencia, ademais de Vilalbés, Lugo B e Milagrosa, sen faltar o Calasancio no Sur. En infantil están inscritos Viveiro, Castro, Lugo e Residencia.

As ligas galegas, que contarán este ano cunha nutrida participación provincial, complétanse coas de ámbito nacional. O Lugo ten equipo nas Divisións de Honra xuvenil e cadete e en Liga Nacional, nesta última tamén estará o Vilalbés. Estas si comezarán antes. Os primeiros serán os xuvenís, que saíron ao campo a primeira fin de semana de setembro. O resto o farán a mediados de mes.

Tamén volverán as ligas provinciais e de fútbol 8, que se están preparando pero para as que aínda queda organizarse e establecer que sistema de competición levarán a cabo. Non empezarán como mínimo ata mediados de outubro.

**FÚTBOL SÉNIOR.** A primeira en comezar foi a Terceira, que o fixo a segunda fin de semana de setembro. Participan este ano Polvorín, Viveiro e Vilalbés.

A Preferente, que xa tivo competición o curso pasado, xa celebrou a primeira sesión, tamén con dúas fases e divididos en subgrupos. Nesta categoría participarán Foz, Ribadeo, Santaballés, Residencia, Sarriana, Escairón e Lemos no grupo do Norte. Todos estarán no mesmo subgrupo inicial. Nesta categoría hai 50 equipos inscritos, cubrindo a totalidade das prazas dispoñibles. En Primeira Autonómica está todo listo tamén. Participarán este ano, tras a pausa do ano pasado, 100 equipos, un menos que na última edición celebrada e que corresponde á zona de Ourense. Así, no grupo lugués estarán os 20 que estaban. Todos eles xa confir-



Imaxes de arquivo da Sarriana e O Incio

maron a súa participación e deron comezo aos adestramentos en maior ou menor medida. Para estes, a liga arrincará a mediados de outubro. Tamén estarán este ano divididos en subgrupos. O lugués, terá un subgrupo cos da zona norte e outro cos da zona sur, que nunha segunda fase xogarán uns contra os outros. Así mesmo, haberá competición en Segunda e Terceira pero estase aínda confirmado as categorías co prazo de inscrición recén rematado.

## Comezan os adestramentos sénior

**SARRIANA.** A Sarriana conta cun amplo equipo composto por fichaxes, renovacións e xogadores da canteira que este ano estarán dirixidos polo novo adestrador, Edu Rodríguez.

Así pois, entre os xogadores renovados atópanse Oscar Rivas, Javi Liz e Parapar na portería, Keko Vilariño, Jacobo Vilariño, Diego Rey, Javier Carnero, Ruchi, Álex Pérez, Omar e Gerardo.

Xunta a eles, están as fichaxes que apostaron polo proxecto que ofrecía o equipo sarriano coma Diego Torres, procedente do Lemos, Yago Fernández, Diego Rey e Carlos Murua, tres xogadores sarriaos que chegan ao equipo procedentes do Club Deportivo Lugo, Julio Camba, do Santaballés, Diego Mitogo, do CD As Pontes, Pancho, ex do Deportivo da Coruña B e procedente do Atlético Coruña Montañeros e Iago Fernández, procedente do CD

Velle. Ademais, incorpóranse ao equipo senior os canteirás Fabián Tourón e Raúl.

Unhas fichaxes de calidade que, unidas á base do equipo que se mantén dende o ano pasado, buscarán competir ese ascenso que este ano quedou tan preto de alcanzarse.

**O INCIO.** O equipo do Incio comezou os adestramentos o pasado xoves 2 de setembro a causa dun inicio de liga tardío. Así pois, o equipo conta cun novo adestrador, Miguel Ángel Rodríguez "Míchel", que será o encargado de dirixir ao equipo na presente tempada. A causa deste comezo tardío, aínda non están claras as renovacións, as altas e as baixas, sen embargo, sinalan que case a totalidade do equipo continuará e haberá 3 ou 4 novas altas.

MAESTRO IMAN

VIDENTE AFRICANO

★ ALTA EXPERIENCIA ★

Puede resolver todo tipo de problemas. Especialista de vida Amorosa, Recuperación de pareja, Impotencia Sexual, Familiares, Mal de Ojo, Hechizos...

SU TRABAJO ES SERIO 100% Garantizado y Rápido

651 44 11 86



Distintas imaxes do Samos Fútbol Sala durante as últimas tempadas



## “Máis ca un club somos un grupo de amigos, unha familia como quen di”

Óscar López, segundo adestrador e tesoureiro do club samanense

O Samos Fútbol Sala é un club que milita actualmente na primeira autonómica de fútbol sala. Así pois, falamos con Óscar López González, segundo adestrador e tesoureiro do club para que conte os inicios do Samos FS e as diferentes aspiracións do club.

### Cando naceu Samos Fútbol Sala? Por que?

Co Samos Fútbol Sala comezamos no verán do 2004, que foi cando fixemos os estatutos do club. Decidimos xogar na liga provincial de Lugo e para iso necesitabamos un nome e ter estatutos. O equipo como tal xa existía xa que nós levamos xogando xuntos dende o 1993. Había unha asociación aquí en Samos e a través de aí, comezamos a xogar en ligas locais de Sarria, da Pobra, etc.

### Que destaca do club?

Somos un grupo de amigos que comezamos a xogar xuntos a fútbol sala. Así comezou isto. E de feito, máis ca un club somos iso, un grupo de amigos, unha familia como quen di. Por tema presuposto e económico sobre todo, non aspiramos ascender nin xogar en ligas altas aínda que evidentemente sempre nos gusta competir.

### Recibe axudas económicas?

Si, sempre solicitamos á Deputación e ao Concello. O Concello leva anos sen darnos nada pero esperamos que este ano si que dea porque normalmente adoitaba facelo.

### O ano pasado non chegaron a competir, empezaron a adestrar?

Non, en ningún momento. Con-

sideramos que non era o correcto máis que nada por nós e polas nosas familias. Ao fin e ao cabo, todo o mundo tiña xente maior na casa e tal e coma estaban as cousas considerábase que non era o primordial xogar. Por iso, decidimos esperar a que mellorara a cousa e non competimos. Pola súa parte, a Federación si que fixo coma unha pequena liga e si que nos avisaron. Ao final foron catro equipos de distintas categorías. Ao primeiro había algúns equipos aos que os querían descender pero ao final quedou a cousa en nada.

### Cal é o obxectivo desta tempada?

O obxectivo sempre é quedar primeiros porque ao final levamos un montón de tempo nesta categoría. De feito, campións de liga nunca quedamos, quedamos segundos varias veces, terceiros... Evidentemente, faríanos ilusión ganala un ano e despois xa se vería a cuestión do ascenso por tema económico. Ao final é algo que nos afecta bastante porque ademais, Samos é un sitio pequeno, non hai moito onde pedir axudas... Non é o mesmo ca outros equipos. O noso presuposto é moi curto e fan falta moitos cartos que, obviamente, non temos.

### Como ven esta tempada? Consideran que é segura?

Consideramos que un pouco máis segura si que é. No noso equipo, por exemplo, estamos todos vacinados. De todas maneiras, hai que respectar o protocolo que ten a Xunta e polo momento é preciso empregar máscaras. Ademais, nós facemos test de antixenos. É dicir, máis segura ca a anterior si que é, aín-

da que continúen saíndo casos.

### Danvos axudas polos test ou teñen que pagalos?

De momento temos que pagalos nós. Non sei se a Federación nos axudará algo pero supoño que sacará unha liña de axudas. O seguro témolo pagado, responsabilidade civil... polo que algunha axuda sacarán. Tamén terán que entender que facer test cada pouco é complicado porque chega un momento que comeza a ser un gasto importante.

### Cada canto tempo queren realizalo?

Adestramos dous días a semana polo que a idea é facelo todas as semanas.

### Primeira autonómica de fútbol sala actualmente xógase na provincia de Lugo, teñen xogado noutros lugares?

Actualmente si que se xoga na provincia de Lugo pero nós temos xogado tamén na Coruña cando xuntaran a zona norte. Estivemos uns anos xogando con equipos de ambas provincias; temos ido ao cárcere de Teixeira, a Mazaricos...

### Teñen proxecto a longo prazo?

Si, a nosa idea é seguir con el mentres poidamos, sobre todo polo tema económico e polo tema de atopar xente para xogar. Isto é algo que sabemos por outros equipos, que ás veces lles é complicado encontrar xogadores. Nós por sorte, de momento, non temos ese problema, aínda que igual chega un momento en que si.

### Entón nunca tiveron problemas para encontrar xogadores?

Temos que tocar madeira porque de momento nunca nos pa-

sou. Sempre demos completado ben o equipo e ao final, levamos tanto tempo nisto que coñecemos moita xente. Ao final, a xente que vén xogar con nós é da zona de aquí; a maioría somos de Samos, pero tamén hai un rapaz do Incio, de Triacastela e de Sarria. Esperemos que continúe así e que non teñamos problemas niso.

### En algún momento consideraron crear base?

Aquí é moi complicado. O ano pasado no colexio había 12 pequenos entre todas as idades. Aquí o da base faise complexo. Houbo un ano, ao pouco de comezar, que estivemos a facer un equipo xuvenil pero ao final todo quedou en nada. Deses rapaces uns marcharan para o fútbol porque xa o tiñan anotado os pais, a outros xurdiulles outros problemas e, ao final, todo quedou en nada pero a idea dese

ano si que era ter equipo xuvenil. Aquí en Samos é moi complicado porque nesta zona xa non hai xente para poder dicir de facer categorías base.

### Hai equipo de fútbol campo en Samos?

Non. Fai moitísimos anos si que chegou a haber un equipo de fútbol campo. De feito, xogábase no campo do Mosteiro porque aquí campo municipal nunca houbo. Actualmente fixo un de fútbol 7 e, ás veces, imos cando facemos adestramentos físicos.

### Entón xogan ao fútbol sala porque gusta máis na localidade ou por que é máis fácil atopar xente?

A verdade é que é polas dúas cousas. Ao final en Samos nunca houbo tradición de fútbol e case todos xogabamos a fútbol sala. Veu por aí a cousa.



# Comeza unha nova tempada para Os Meigallos de fútbol sala

Os Meigallos Sarria FS xa comezou cos adestramentos de todas as categorías, iniciando desta maneira a tempada 2021-2022. Así pois, o preferente sénior masculino xa realizou a súa presentación e deu inicio á súa preparación para a tempada que empezará o fin de semana do 3 de outubro contra o Coviran Quiroga FS. Este ano, a liga xa retoma un pouco máis a normalidade, polo que non se dividirá en grupos e terá o mesmo formato que anteriormente.

Sen embargo, levaranse a cabo as medidas sanitarias correspondentes en todo momento, para que os participantes conten con seguridade á hora de competir.



O equipo, nun partido da pasada tempada

**INSCRIPCIÓN PARA AS BASES.** Os Meigallos Sarria FS informa que continúa aberto o prazo de ins-

cripción para a vindeira tempada 2021-2022. O equipo sarriao busca novos xogadores que se unan ao club e que gocen do fútbol sala e do ambiente. Así pois, as follas de inscrición e de autorización materna/pa-

terna atópanse nas redes sociais do club. Para calquera dúbida ou para máis información pódese consultar e preguntar no enderezo electrónico osmeigallosfs@gmail.com ou nas diferentes redes sociais do club.



Un partido da tempada pasada

## A LNB Norleste busca expandirse polo sur da provincia lucense

A liga NorLeste de billarda volveu comezar o domingo 12 de setembro coa celebración do V Aberto das Noces de Castroverde.

Esta foi a primeira xornada dunha liga que busca expandirse polo sur da provincia lucense para ampliar o número de equipos e de xogadores. Aínda que se celebraron algúns torneos en Chantada e na comarca de Sarria, "canta máis participación haxa mellor o pasamos", din.

Esta tempada billardeira contará con 10 abertos aínda que os anos anteriores tiña 14. O equipos participantes nesta liga son, Billardeiros Musicais de Ribadeo, Remourelle Bulls de Remourelle, Troitas Bravas da Pontenova, Castiñeiro Milenario de Begonte, Carabullo de Ponte de Outeiro, Chainzos Cadaval da Pastoriza e Castro de Rei, Billarda Verde de Castroverde e Madia Leva de Lugo. Na última reunión celebrada nestas semanas, a conferencia NorLeste decidiu dar por concluída a Liga 2020-2021 a falta de 4 xornadas, así, por primeira vez un equipo mixto chairego foi o gañador da mesma. No tocante a individual absoluto, Charli de Carabullo foi o gañador, na categoría feminina foi Geni dos

Billardeiros Musicais a que acadou a mellor puntuación e en varados foi Chousa, do equipo de Carabullo. Por outra banda, dende a confederación LNB comunicaron que "seguirán autoxestionando a súa propia liga pois non quixemos incluírmos na Federación creada recentemente", engade "a billarda non é un deporte autóctono pois xógase en todo o mundo".

"A conferencia NorLeste vai seguir xogando como sempre, facendo abertos para que todo aquel que queira, esteña ou non federado, poida xogar cando lle apeteza sin atrancos de ningún tipo", din.

A finais de xuño dúas das tres confederacións que xogan ligas regulares en Galicia, Conferencia Noroeste e a das Rías Baixas, reuníronse co Goberno Galego para conseguir que este deporte "se fixera federado e autóctono" e así creouse a Modalidade de Billarda da Federación Galega de Deporte Autóctono derivada da antiga federación da chave.

Así, xógase aplicando o protocolo de seguridade Fisicovid con máscaras obrigatorias, distancia de seguridade, non compartir material nin comida e xel hidroalcolica.

# Os dous cadetes e o júnior do CB Sarria busca o ascenso á galega

O pavillón do Novo Chanto de Sarria volveu acoller un partido de baloncesto dezaseis meses despois. Así pois, comezou a fase de ascenso a Liga cadete feminina na que o CB Sarria conseguiu unha vitoria ante o Salesianos Vigo A. Desta maneira, o Novo Chanto acolleu o máximo número de espectadores posibles para go-

zar de novo dun partido de baloncesto no que o equipo local logrou unha vitoria importante. O conxunto sarriao deberá enfrontarse tamén ao EDO Blanco Amor e ao CAB Pontevedra nas próximas fins de semana para saber se entrará no grupo autonómico, que comezará a súa competición a mediados de outubro se as condicións sanita-

rias así o permiten. Tamén loita polo ascenso o conxunto masculino da mesma categoría, que terá como rivais ao Oca Hotels Vedra Obradoiro, O Santo Domingo Betanzos B e ao Aringal Baskat Ferrol. Tamén loita polo ascenso o conxunto júnior masculino, que pelexa pola praza co San Ciprián e o Xuven Cambados.

## TELÉFONOS DE INTERESE

**LÁNCARA**  
 Concello: 982 54 30 77  
 Garda Civil: 982 54 31 47  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 54 30 39

**PARADELA**  
 Concello: 982 54 11 01  
 Garda Civil: 982 53 04 74  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 54 11 97

**SARRIA**  
 Concello: 982 53 50 00  
 Policía Local: 982 53 08 50  
 Garda Civil: 982 53 04 74  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 53 21 11  
 982 53 21 12 / 982 53 21 13

**SAMOS**  
 Concello: 982 54 60 02  
 Garda Civil: 982 54 60 08  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 54 70 02

**O INICIO**  
 Concello: 982 42 70 14  
 Garda Civil: 982 42 00 46  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 42 70 77

**TELÉFONOS DE INTERESE**

|                              |            |                             |            |
|------------------------------|------------|-----------------------------|------------|
| <b>Emerxencias:</b>          | <b>112</b> | <b>Incendios Forestais:</b> | <b>085</b> |
| <b>Urxencias Sanitarias:</b> | <b>061</b> | <b>Garda Civil:</b>         | <b>062</b> |

**TRICASTELA**  
 Concello: 982 54 81 47  
 Garda Civil: 982 54 60 08  
 Centro de Saúde (cita previa): 982 54 80 18

## DESCUBRINDO O PATRIMONIO

# A Foz das Aceas, un roteiro pequeno cunha beleza especial



Diferentes vistas e detalles deste roteiro sarriao

Sarria é unha vila chea de historia, con moitos lugares que visitar e, sobre todo, cun elemento que a fai recoñecida na maior parte de España e, incluso mundialmente, que é o Camiño de Santiago. Sen embargo, non é o único camiño que se pode recorrer, senón que existen diferentes rutas e paseos cos que se pode gozar dunha beleza única e que se percorren en tan só unhas horas. Ademais, este tipo de actividades crearon en gran medida dende que comezou a actual situación sanitaria de pandemia na que nos atopamos.

Fai uns anos, era un tipo de turismo que tamén se realizaba, pero con menos participantes e frecuencia. Despois de estar encerrados nas casas, sen poder saír e tan só vendo a paisaxe pola ventá, as rutas e os sendeiros comezaron a estar cada vez máis e máis de moda, sendo na actualidade un gran atractivo turístico.

A natureza, a tranquilidade, as paisaxes... son algúns dos aspectos que caracterizan este tipo de actividades. Así pois, Sarria é unha vila na que se pode gozar de este tipo de turismo e, un dos roteiros que destaca é o paseo da Foz das Aceas, situado preto do centro da vila. Este é un sendeiro que se desenvolve pola ribeira do río Sarria a través de bosques autóctonos protagonizados por ameneiros, carballos e castiñeiros; muíños

de pedra, fervenzas, pontes de madeira e unha beleza característica da zona.

O sendeiro é de 6 quilómetros aproximadamente e é circular, polo que o percorrido remata no mesmo lugar onde comeza. O paseo fluvial é de dificultade baixa xa que apenas existen desniveis nin tramos que presenten dificultades para recorrela.

Este roteiro ten varias pasarelas de madeira, así coma un cartel coa mensaxe "Sinte, Mira, Escoita, Toca, Saborea e Ule", onde se poden escoitar os paxaros, a son do río e unha tranquilidade coa que poder desconectar do mundo urbano.

**MUÍÑO DE PEDRA.** Ademais, tamén se poderá ver un pequeno muíño de pedra cunha presa, un elemento arquitectónico típico onde se empregaba a forza da auga para moer o gran. Actualmente, este tipo de edificacións non adoitan funcionar, sen embargo, se hai sorte, pódese ver algún dos mecanismos e das partes que se empregaban para realizar dita labor. Así mesmo, teñen un atractivo característico que, unido á catarata que se atopa preto, conseguen un ambiente único e con moita beleza.

Por outra beira, hai que lembrar que esta ruta percorre ambas marxes do río Sarria e existe unha ponte de madeira que permite cruzar a outra beira para completar o roteiro. Ademais, parte do camiño de volta

é o mesmo ca o de ida.

Así mesmo, un punto que hai que destacar é que dependendo da época do ano, hai que ter máis coidado en certos lugares. Se o chan está mollado, as pasarelas adoitan ser perigosas xa que se pode esvarar con facilidade. Por iso, hai estacións que poden ser máis recomendables e, non só por isto último, senón tamén pola beleza que transmite o lugar ao crear un ambiente único a causa das diferentes cores das árbores, do ceo e da paisaxe. Esta estación adoita ser outono, aínda que este aspecto depende do tempo atmosférico. O roteiro pódese unir, ademais, a un paseo para poder recorrer as catro pontes medievais existentes en Sarria que son: a ponte da Áspera, a do Mazadoiro, a ponte Vella e a ponte Ribeira, lugar onde remata o roteiro, xunto ao Monumento ao Peregrino.

**MANTEMENTO.** O Concello de Sarria cortou a marxe esquerda do percorrido o pasado 26 de agosto para comezar coas obras de mantemento e reparación que había que realizar nela e que xa denunciaron anteriormente veciños e veciñas.

Así pois, existiron queixas -tamén dende o Partido Popular de Sarria- sobre o mal estado no que se atopaba en pleno verán con escaleiras de madeira rotas, maleza polo camiño que dificultaba algún tramo e lixo que non entraba nas papeleiras.

